

¡Galicia! Nai e señora,  
sempre garimosa e forte;  
preto e leños; onte, ago-  
ra,  
mañán... na vida e na  
(morte!

R. CABANILLAS

# A nosa terra

Ano XXX



BÓS AIRES, OUTUBRO 1946



Núm. 452

**PRINCIPIOS DO  
GALEGUISMO**  
1.- Galicia, unidade cul-  
tural.  
2.- Galicia, pobo autónomo  
3.- Galicia, co munitade  
cooperativa.  
4.- Galicia, célula de uni-  
versalidades.

## O "Caso Español" na UN

Na asamblea da U. N. voltouse a pedir a consideración do "caso español". Dos tres ou catro discursos pronunciados por persoas que falaban en col do asunto, só un, o do segredario xeral da organización, Trygve Lie, recamou de un xeito preciso, claro e rotundo, que "o organismo alcontre os medios polos cales España recobre a liberdade i-un goberno democrático". Os delegados de Chile, Checoslovaquia, Polonia e Francia tamén condenaron ó franquismo, pro sen moitos folgos; fixérono como pra quedar ben.

Todas esas condenacións, tal e como se veñen facendo, son leria, falar por contentar ós povos, por ir dándolle largas, protendo, por adiantado, a seguranza de que non lle "van a levar o apunte" quen debiera facelo, val decir, Inglaterra, Estados Unidos e Rusia.

Namentras algún de estes tres "grandes" non se decida a prantear "o caso español", iste sementes servirá pra que os persoas das nacións sigan facendo discursiños. E de ises tres ningún de iles se decidirá polo de agora. A Inglaterra impórtalle que España non seña un país gobernado según o parecer da maioría do povo, pois sabe ben que iste non entende de comenizas imperialistas. Ademais, tanto os Estados Unidos como Inglaterra, temen que Rusia poida, se España recupera un goberno popular, infruír demasiado na política interna, aínda que teñan ben sabido que o comunismo como partido político é en España unha minoría. E Rusia ten xa de abondo que pelexar cos outros dous a causa da súa política na Europa ourental. Todo isto é perogrullismo.

Si as razóns políticas dos tempos de guerra, as que valían pr'as Nacións Unidas nos días en que se reditaron a Carta do Atlántico, a Convención de Postdam e os demais documentos solenes, fosen as mesmas que guían ós que gobernan a paz, Franco xa estaría aforcado. Mais todos aqueles acordos xa non son outra cousa que historia, non teñen outro valimento útil que servir de apoio pra enxergar uns discursos telegráficos, sen grandeza, discursos medidíños, moi de circunstancias, nos que se terma non ferir a algún dos amos.

Entón ¿non haberá modo de guindar con Franco? ¿España, o povo hespañol, non recuperará endexamais a súa liberdade política? O problema non o vai a resolver a UN con discursos, amonestacións, paulinas diplomáticas e outras andromenas polo xeito. Iso terá que resolvelo o povo hespañol por si mesmo con ou sin guerra civil. E pra que seña posíbre é mester que todolos hespañoles antifranquistas que andan polo mundo enfoquen a súa aitividade, o seu esforzo patriótico, a soerguer o espírito e aumentar as posibilidades de loita dos organismos internos antifranquistas. O camiño da loita crandestina é longo, perigoso, difícil. Pro n-istes tempos de paz confusa, mentida, inelegante, os verdadeiramente avisados é o único que poiden aceptar como posíbre.

O que queda dito non sinifica que coidemos que o goberno de Xiral non faga ben o esforzarse, como está facendo, pra atraguerse adhesións internacionais; menos quer decir que coidemos que o "caso español" deberá resolverse por meio de unha de isas compoñendas que parecee tratan de arranxar algún mandamais de dentro ou de fora de España. Non. A solución, tal e como están xa de craros os elementos do problema, parecee que só a poderan conquistar as forzas orgaizadas do interior en intelixenza cas que traballan fora. ¿Qué isto é "soñar"? Poida que sí. Pois o outro, como dín por acá, é "gastar pólvora en chimangos".

## A Irmandade Galega Dirixese a U. N.

### PROTESTA CONTRA DO REXIME FRANQUISTA

A Irmandade Galega de Bós Aires, vibrando con emoción diante dos próximos debates que na Asamblea das Nacións Unidas, produciránse en col do "maldito réxime de Franco", como tan acertadamente o calificou o delegado da Unión Soviética, enviou ao segredario xeral da U. N. o seguinte cablegrama:

Segredario U. N., Box 1000 — NOVA YORK.

Irmandade Galega, interpretando sentimentos miles patriotas galeguistas, residentes Bós Aires, eispresan desexo que Asamblea Nacións Unidas, coa condenación réxime totalitario Franco, imposto aos povos hespañoles pol-as armas de Hitler e Mussolini, acorden axudar eficazmente restauración lexítima democracia República Hespañola, representada polo goberno Xiral".

Firmado: PEDRO CAMPOS COUCEIRO, Presidente.

## O goberno Xiral envía a Chile unha embaixada estraordinaria

Para asistir aos aitos que se celebran en Chile con motivo da asunción do mando do presidente eleito, Sr. González Videla, saen desta capital, en dirección a Santiago, unha embaixada que representa ao goberno Xiral nos mencionados aitos.

Compoñen dita embaixada o Dr. Manuel Blasco Garzón, como delegado do goberno republicán no exilio, o Dr. Peláiz Sala, como representante de Cataluña, o Dr. Ramón María Aldasoro, representando a Vasconia, o Sr. Elpidio Villaverde, a Galicia, e o xeral Martínez Monje aos militares republicáns.

Non duvidamos da cordial acollida que o povo y o goberno da nación veciña lles farán aos verdadeiros representantes do povo e o goberno hespañoles.

A NOSA TERRA envía ao povo chileno a eispresión máis emocionada do seu agrimo.

## GALIZA E O GOBERNO DE XIRAL

### Unha soia solución: República

De "La Nouvelle Espagne", que se publica en París, traducimos a seguinte nota, que apareceu no número datado o 5 de agosto deste ano:

"En relación coa caída do réxime, agárdase en Galiza ese intre loitando e traballando.

O goberno Xiral, formado no desterro, conta con xeraes simpatías, e a entrada do Sr. Castela nel repútase como un acerto polo que a Galiza respeta, pois trátase dun galego representativo ao que todos estiman e consideran, e que non ten nemigos senon no campo franquista.

Houbo un momento, no 1942 ou 43, no que algunhas xentes de convicción non moi arraigadas, e afanosas diante de todo de pas e comodidade a calquera prezo, admitían a monarquía como un mal menor, no desexo de que Franco desaparecese da escea. Oxé, até estas mesmas xentes rechazan a solución monárquica, convencidas de que non sería solución nin lles tragaría a aneiciada tranquilidade.

Como fiñal deste reportaxe, podemos afirmar que Galiza enteira —salvo os franquistas— é netamente republicana; non soio naquelas cidades que o foron sempre, como A Cruña, onde o republicanismo ten unha vella e enraizada tradición, senon todolos núcleos urbáns e o agro galego, onde o sentimento de adhesión á República aumentou e propagouse estraordinariamente nestos anos de ditadura, como reacción natural en contra da falla de liberdade e a opresión que padecía o povo galego.

Esperamos que axiña poida ter este sentimento plea satisfacción".

## As Forcas de Nuremberg e a Forca Valdeira

Na outrora ridente cidade alemana erguéronse as forcas que deron cumprimento á sentencia fatal.

Non vamos a discutir agora se foi ou non xusta. Algúns dirán que si os vencidos foron os trunfadores, en ves de aforcados, serían coroados de loureiro. Non cabe dúbida.

Pero hai unha cousa que tamén é evidente. Os xerarcas nazis condenados a morrer dun xeito infamante, merecían, non esa morte, senon milleiros de mortes que respondesen pol-as múltiples atrocidades que sin xustificativo algún cometeron ou ordearon durante a guerra.

Porque a guerra, anque por si mesma é un salvaxismo, propia de homes primitivos, debe estar i está sujeta a normas, aprobadas en conferencias e congresos, que rixen para que se respeten as máis elementais leis de humanidade. E o que viola esas leis, debe ser enxuciado como un delincuente vulgar. Non importa que sexa rei, emperador, xefe ou soldado. Todos, calquera que sexa a súa condición, están obrigados a responder dos seus aitos.

E os aitos dos axusticiados en Nuremberg non admiten eiscusa nin poden ser encadrados nos que provocan as necesidades da guerra. Son aitos criminaes vulgares, delitos de lesa humanidade, que deben ser castigados con todo o rigor da lei natural para escarmiento dos malfetores do futuro.

Non embargantes, a xustiza non se aplicou por igual aos causantes da maor hecatombe que padeceu a terra. Non-os referi-

mos os tres nazis que foron postos en liberdade, sendo máis ou menos culpables, pro tamén culpables. Queremos referirnos a aquel, que aínda que non e nazi de nascimento, nin craro está, podía ser xugado en Nuremberg, é nazi de corazón, i é foi o que se prestou a ser xoguet das malas intencións dos criminaes nazistas para desencadear a tempestade que arrasou o mundo.

El foi o que iniciou o prólogo ou primeiro aito do drama universal, facendo as maiores falcatruadas que rexistra a historia das guerras civís, e aínda vive e se move cun cinismo sen comparación, tratando de borrar con humillacións o mal conceuto que dél teñen os capitostes da situación, para que lle permitan seguir cometendo todas as atrocidades de que é capás a súa alma sombrisa.

Mentras este home non sexa sometido ao proceso que as concencias honradas lle teñen aberto xa, non se poderá dicir que a xustiza está satisfeita. Non, non estará satisfeita en tanto os crimes que se cometeron por él, coa axuda dos que acaban de ser aforcados, non haxan sido castigados na mesma forma.

Unha forca, pois, queda ergueita, esperando o corpo que non debe tardar en pendurar dela. Esta forca valdeira, que todolos espíritos honrados anceían ver utilizada, será o ludibrio dos encarregados de facer que a xustiza brile no mundo, si algún día non se balancea nela o meirande asesino de todolos tempos.

## Franco Diante do Tribunal

Como o delincuente diante do xués, así a soma do Caudillo hispano, sentarase dentro de pouco diante do tribunal máis onto do mundo.

E, caso curioso, este delincuente non terá ningún defensor. Polo menos, descuberto. Poida que algúns intenten dun xeito xesuítico, salvalo do castigo que tan merecido ten; pro de seguros que ningún erguerá un dedo por xustificalo.

Unha condenación total, un repudiu unánime será o resultado deste xuicio que se vai a celebrar en Nova York para eisempre do futuro.

Si a atmosfera internacional estivera máis desexada, non habería ningunha dúbida sobre o alcance de sentencia. Sería fulminante. Como un raio que fende unha vella encina do bosco, así caería na testa do acusado.

Non podería ser doutra maneira. Consentir que unha das maiores vergonzas da Europa, por non decir do mundo, siga sendo unha mácula que non hai forma de borrar, é introducir nos espíritos un fermento de desesperación e de incredulidade, que non se sabe qué clás de froitos daría mañán.

Grande é a responsabilidade dos que nesta hora dirixen os destínos da humanidade. Da súa honradez as xentes esperan, cos ollos impenhados de anceios, que non serán defraudadas as promesas de xustiza, con tanto énfasis feitas, en tantas ocasión se presentaron propicias.

Nos non somos optimistas nin pesimistas. Temos unha fe cega en que as Euménides han de cumprir a súa obra e ao seu debido tempo. Os mandados divinos han de realizarse tarde ou cedo. E o fallo será inexorable.

PENEIRANDO FARIÑA ALLEA

# Encol da Doutrina Federalista no Mundo

O escritor e deputado belga Luis Pierard, escribiu, en "La Prensa" desta capital, o día 22-10-46, un traballo do que transcribiremos algúns coñecitos.

Máis outra vez voltamos a telmar encol do federalismo. E para nós o centro da circunferencia estrutural do mundo do porvir. Non iñoramos as dificultades da loita coas grandes unidades hexemónicas. Temos por adiantado o coñecimento da resistencia que ofrecerá toda a maquinaria dos Estados Unitarios. Entendemos súa base sofisticada e temos percepción clara do calibre das súas argumentacións. Sobor de tudo, non subestimamos o sarillo de intereses en que pousa a forza do Estado unitario, acentada por ambicións de tamaño e número, e pol-a non pequena ousadía de aparente iñoranza da realidade biolóxica dos diferentes grupos humanos.

Referíndonos a Hespaña, xa dixemos moitas veces que produz mágoa ollar a maioría dos políticos hespañoles de costas a realidade peninsular. Os nosos políticos fechan os ollos e deixanse esvaír pol-o campo das abstraccións. Van alá séculos de Estado unitario, de enxebre ficción, de camiñar contra-pelo, de tecer e destecer, somentes para fuxir da realidade.

Cando Pi i Margall desmizou a entelequia do Estado hespañol presentou o problema das nacionalidades, apenas tivo eco no mesmo minúsculo grupo de políticos progresistas. Ao correr do tempo, xurdiron algúns discípulos de calidade infra que, lonxe de millorar a súa doutrina, mistificárona até convertila nun xogo de verbas. Como proba do que deixamos dito, abonda unha ollada pol-os ateneos Pi Margallanos, nos que se rinde vergoñoso cullo ao cesarismo unitario. Do mesmo xeito, outros toman un só matiz da doutrina federalista para espóla como fundamento sustancial. Taes aqueles que somentes lles interesa a federación económica, xeográfica ou estratéxica.

Nós sempre enxerguemos o Federalismo integral, partindo de razóns biolóxicas e de acordo coas demáis realidades. Pol-o

por  
VAZQUEZ DA XESTA

que fai a Hespaña non hai dúbida en perceber as diferentes unidades humanas e culturais e os matices derivados destes núcleos.

E tempo que deixemos as divagacións e nos enfrontemos coas realidades esistenciais. Non foi por acaso a perda da República, nen o desbaraxuste anterior, nen o xogo de arrandieira en que se abalan as figuras máis abultadas da democracia hespañola. Para nós, o orixen do proceso que nos levou a iste estado de cousas presente, nasce da ficción unitaria que fixo do Estado hespañol unha verdadeira entelequia. Hoxe iste ponto de vista é confirmado pol-os observadores estranxeiros de maior categoría nestes problemas, non somentes pol-o que fai a Hespaña, senon ao resto de Europa e do mundo.

Fixemos agora a nosa atención no que dí o escritor belga, Luis Pierard encol do federalismo:

La unión en la diversidad es, en esencia, una paráfrasis de la divisa nacional de Bélgica: "La unión hace la fuerza". Unión, no "unidad". Quien dice "unión" entiende que hay muchas cosas para unir. Y ese es precisamente el caso de Bélgica, en cuyo exiguo territorio se tropiezan y disputan, y algunas veces también se entienden y se casan, flamencos y valones y bruselenses (que no son flamencos ni valones) y, asimismo, del lado de Eupen y Malmédy, ciudadanos de lengua alemana. Todos son belgas que estarán más apegados a Bélgica cuanto más se respete su individualidad étnica y lingüística. La divisa nacional del país es una de las más felices, y es profundamente justa: pero, nada es más falso que ese pasaje de su himno nacional, la Brabanzone, en donde se nombra la invencible unidad de Bélgica! Siempre el mismo error: se habla de "unidad" cuando se trata de "unión". Es verdad que las palabras de la Brabanzone fueron escritas en 1830 por un francés, un cancionero de Lyon, Jenneval, que murió combatiendo heroicamente al lado de los belgas en Liège. Este hombre, llegado de las riberas del Ródano, en el ardor del entusiasmo, para prestar su ayuda a la joven Bélgica independiente, ¿no podía suponer que la mitad de esa Bélgica desconocía la lengua francesa!

Pensemos en la península ibérica, especialmente en España. Las dificultades que conoció la joven república inmediatamente después de la caída de Alfonso XIII, notoriamente provenían de la extraordinaria variedad de sus regiones: Pi y Margall, al advenimiento de la primera república, tuvo una visión realmente profética de esas dificultades, cuya solución estaba, según él, en el federalismo.

Del mismo modo, entre las dos guerras, los conflictos internos que experimentó Yugoslavia y también la República Checoslovaca, nos demuestran lo peligroso que resulta para la existencia misma de esos países nuevos, una centralización brutal, la hegemonía de una u otra de las poblaciones que los componen.

No es el caso, desde luego, de estudiar en detalle dentro de los límites de un artículo periodístico, toda la organización de los distintos países, sobre la base de la federación. ¿Cuáles deben ser las atribuciones del Estado federal? ¿Cuáles deben ser las de las regiones confederadas? Esos son interrogantes muy complejos y delicados que se plantearán en Europa como ya se han

plantado en otras partes del mundo. Los europeos, pues, deben recordar que el sistema federal existe, y con todo éxito, en un considerable número de países y, como es sabido, en la casi totalidad del inmenso continente americano. ¿Y qué es la U.R.S.S. sino una poderosa federación de repúblicas?

Y volviendo a nuestro punto de partida, a nuestro postulado que ya verificó la experiencia mundial: si Europa ha de hacerse (y es necesario que se haga) deberá forjarse sobre una base federal.

Dende logo, non é mester recordar que a característica fundamental da Hespaña é a súa diversidade, na existencia de catro culturas que obedecen a outros tantas identidades nacionais nidiamente definidas dentro do territorio estatal. E ista inigualabel variedade pode ser a fonte de riqueza que faga da Península un verdadeiro poder creativo.



Nas eleccións do Centro Gallego acontecen sempre cousas a tontrapeo. Eixemplo: os feixistas aparecen capitaneados por un republicán, namentras na lista de un grupo que noutroza rescibeu benzón laica de autoridades republicanas, os falanxistas decarados están na cabeza. Dempóis de todo, a cousa é reflexo do que pasa no mundo. Tamén os socialistas gañaron as eleccións en Inglaterra, pro quen goberna son os banqueiros, os lores, etc. No Centro Gallego os socios son republicáns, sempre hai no comando un par de señores que oficialmente son republicáns, pro a política que se fai está simbolizada na "roja y gualda" que nos días de festa se pendura no lugar preferido da casa.

**Paradigma de domesticación zootécnica: Pérez Madrigal. De porco bravo convirteuse en marrau. San Martiño chega todol-os anos.**

O goberno arxentino acaba de concertar un tratado comercial co goberno que desgoberna a Hespaña. Gustaríanos poder loubar a xenerosidade arxentina, xa que ela, en principio, pensando á boa fé, vai dereita a favorecer o pobo hespañol. Pro nós coñecemos o que é o "estraperlo" e sabemos quen son os estraperleadores máisimos, e, como en Madrí non hai Congreso, non temos ningún meio de denunciar ós que alá farán o seu agosto a base de coidar o rodicio moedor do grau que chegue da Arxentina.

Os futuros oficiais da Armada Arxentina foron rescibidos con cordialidade i-están sendo moi agasallados en Hespaña. E tan de verdade a estima que en toda Hespaña se ten ó pobo arxentino, que temos a seguranza de que as manifestacións de simpatía popular non preisan ser perparadas. I-é isa sinceridade a que nos da a seguranza de que os mozos arxentinos, ó porse en contacto libre ca xente do pobo, vai a decatarse cumprimentados do que é o falanxismo, do que anceia Hespaña. O balbordo dos hinos, o chin-chin das recepcións oficiais, non han de enxordecelos de abondo pra que non escoiten nos trens, nas rúas, nos cafés, o que dí a xente.

Os xornaes dos Estados Unidos botáronse a interpretar o significado de unhas verbas ditas polo Dr. Arce, representante da Arxentina diante do Consello da UN. O Dr. Arce acrarou e reitificou ós xornaes. Dixo que defender a cultura hespañola non significaba defender a Franco. Ten razón: Franco é a viceversa de aquela.

## A canción picaresca

No convento de Canedo hai vintacinco escaleiras, por unha van as casadas por outra van as solteiras.

Esta noite e mais a outra e mais a outra pasada abalei unha pereira que nunca fora abalada.

# Luis Seoane Triunfa Como Pintor

Para os que coñecemos a Luis Seoane nos seus tempos de estudante na nosa Compostela, alternando os libros de texto coas inquedanzas artísticas; para os que coñecemos de perto a un feixe de xóvens estudosos, ategados de anceios creadores e orixinalidade interpretativa das máis finas e sinxelas expresións da alma do noso pobo; para os que nos tocou vivir ista xeira de valoración das verdadeiras fontes de arte da nosa Terra, á que o destino deparou un pobo dunha sensibilidade exquisita e un xeito peculiar para manifestala, sempre agarimamos a idea de que, Luis Seoane, tiña por adiantado, un posto de xerarquía no ronsel de espíritos acogulados de vida creativa e capacidade para transmitir, ou millor aínda, para facernos sentir novas emocións nun de cote anovar das velas sa sentidas.

Tiñamos un Luis Seoane de sensibilidade transparente, sempre inquedo, cos ollos da alma ao acezo dos máis imperceptíbeis movementos espirituais do noso pobo —(Unha liña en deseño de Seoane enche sempre un anceio estético, aínda visto á lixeira e por ollos profanos: naturalidade xitosa, espon-

tánea e fresca, é a característica principal das súas estampas).— Tiñamos, pois, a Seoane deseñador, esparsido en publicacións e álbums distintos: "Trece figuras da tradición hespañola", "Torre de Hércules"; a Carpeta de fotografías; cheas dun fondo senso humano, que leva por título: "Muñeiras", e o magnífico traballo de orixinal execución, grabado en madeira: "María Pita e Tres Persoaxes medievales". Coñecíamos a Seoane como ilustrador de obras literarias, nas que deixou mostras acito da súa valía, servíndonos de exemplo en "Los Sueños", de Quevedo. En canto ao seu aporte á calidade plástica do libro neste país, abóndanos unha ollada pol-as editoriais "Nova", "Emecé" e outras. Sabíamos de Seoane, repetimos, sempre inquedo, xunguido a toda empresa cultural: aí as coleccións "Hórreo" e "Dorna" pol-o que fai a nosa Patria, "Correo Literario" e agora "Cabalgaría", no campo hispano-americano. Coñecíamos a Seoane, tamén, como crítico de arte e literatura, ensaísta de temas diversos e, sobor de tudo, como loitador de dianteira pol-a liberdade do home e dos povos asoballados.

Mais hoxe, amigos e irmáns, Luis Seoane, engadiulle á garamalleira de valores xa nle recoñecidos, quidás o máis prezado e do que Galiza tanto mester: Luis Seoane conságrouse como pintor.

Como Luis Seoane é noso, poiderá a sospeita de luxadas intencións, pón en dúbida a sinceridade desta noticia. Escoitamos, pois, algúns dos coñecitos que escribiu encol da Exposición de Seoane en Montevideo, o poeta e crítico de arte uruguao C. Santiago Vitureira, o 11 de outubro deste ano.

...De su calidad plástica, de su manejo armonioso y acaso asordinado para con los tonos rosa, de su dibujo opulento, de su empaque que diríamos impresionante toco, de su impresionismo que diríamos en "reposo", así como de la sensible evidencia del "tema", donde domina el campesino y la campesina, una "morriña" tiernísima y una coral naturalista, podrían decirse parecidas impresiones a las que nos sugiriera el otro gran gallego, don Manuel Colmeiro.

...Sin ser allí como era Rossi, un símbolo o irrealidad apasionadamente soñada o evocada; sin ser tampoco la profunda seguridad testimonial de Colmeiro, en este retrato de paisana moza, simple y bella en su forma de fruta áspera pero de íntima dulzura, Seoane pinta una mujer que puede ser toda la evocación de la Galicia tradicional y popular. Se le ha ido el alma sobre el cuadro.

E velai: un trunfo máis de Galiza a través de Seoane.

X. R. V.

Bar  
"QUITA PENAS"

— de —  
VAZQUEZ y VAZQUEZ

Reservado para familias  
Servicio esmerado y económico

Gral. URQUIZA 602  
Frente al Hosp. Ramos Mejía

NARCISO VIDAL (h)  
AGENTE OFICIAL KODAK

- Películas Radiográficas
- Accesorios
- Rayos X

PASTEUR 768 Bs. AIRES  
U. T. 47 - 4718

Cam'sería de  
mesura fina

PREZOS BÓS

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

Francisco Blanco

CIGARRERIA POR MAYOR Y MENOR

AV. SANTA FE 1100

U. T. 41, Plaza 0278

# Valores Galegos

ARTURO NOGUEROL BUXAN

Nasceu en Ourense nos derradeiros anos do século XIX. Estudou a carreira de abogado en Salamanca, escomenzando a exercer a na súa cidade, cando só tiña 23 anos, con verdadeiro éxito, pois herdara os bufetes de seu tío, Don Xosé Lourenzo Xil e de seu pai, Don Antonio Noguero.

A súa culta axilidade mental facilitáballe informar dun xeito brillante nos xuízos orales en que interviña, e moita xente asistía á Audiencia, instalada nunha vella casa da rúa de Santo Domingo, pra escoitar a habilidade con que Noguero, un mozo recién saído das aulas, contendía cos máis prestixiosos abogados do foro ourensán: Don Xuan Taboada, García Quiñones, Moreira...

Pero por ise mesmo tempo, Noguero, con Vicente Risco —que con súa gran cultura ben gañada nos centros intelectuais de Madrid, chegaba á súa cidade natal como profesor da Escola Normal—, con Rodríguez Sanjurjo, poeta; con Cuevillas e outros mozos, fundaron "La Centuria", revista neosófica, na que se falaba de temas novos e se comentaban libros que, aparecidos na Franza ou na Alemaña facía un mes aínda, non se tiñan comentados nas revistas de Madrid. Nista revista Noguero escomenzou a esquirbir sobre temas económicos.

Coincide con isto a creación das Irmandades da Fala e a publicación de A NOSA TERRA. O grupo vangardista de "La Centuria", metido pol-os camiños do mundo, preocupado pol-as cousas máis raras que acontecían no orbe, decatouse axiña de que a soa forma de ser universal é dando ao mundo o que un ten, traballando a propia cultura en función de Humanidade.

## CONFERENCIA DE NÚÑEZ BUA

No Ateneo de Chacabuco pronunciou unha interesante conferencia, en col do tema "Sarmiento en España", o noso querido irmán Xosé Núñez Búa.

Nela fixo unha espelida glosa á crónica que co gallo do seu viaxe a Hespaña, deixou esquirir o grorioso arxentino, destacando como con moitos dos conceptos de iste coincidiron co tempo os grandes esquirtores hespañoles: Costa, Ganiwet, Unamuno, Cereceda, Raparaz, Azaña e outros.

A magnífica leición de Núñez Búa, foi moi apraudida, o mesmo que as verbas que, ao presentalo, pronunciou o noso irmán, antigo e prestixioso comerciante de Chacabuco, Isidro Cerecedo.

RESTAURANT E BAR  
"ADUANA"  
de E. Abelaira & Cía.

A CASA PREFERIDA POL-A  
COLETTIVIDADE GALEGA

San Lorenzo esq. Maipú  
ROSARIO

E Risco, Lousada Diéguez e Noguero son os primeiros que erguen na cidade das Burgas a bandeira do nazionalismo galego.

"La Centuria" desaparece e no seu lugar o mesmo grupo crea "Nós", boletín da Cultura Galega que dirixen Risco e Castelao. Alí deixando o seu saber, o seu galeguismo, Arturo Noguero, que un día calquera deixa o seu bufete de abogado e vaise a Boborás como segredario do Auntamento pra levar á ves a xerencia dunhas minas de estaño. Máis tarde foi segredario do Auntamento de Rianxo e do de Serantes, na Cruña.

Do seu talento, da súa cultura, do seu amor á Terra só quedan mostras en xornais e revistas especialmente en "Nós". O libro que tiña escomenzado facía moitos anos: "Tolerias de Noguero", nunca se rematou, e con seguridade teríao perdido.

Facía tempo que Noguero non interviña ativamente en política, pro do seu espírito, da súa maneira de pensar social, da súa simpatía pol-os obreiros da Confederación do Traballo sabían ben os feixistas da Cruña. E un día, aos poucos de escomenzar a rebelión, Arturo Noguero apareceu co peito acibillado na cuneta dunha estrada. Levaba lus na fronte e paixón de súa Terra no curazón, e iso, pra os falanxistas, é crimen.

As tolerias de Noguero non foron esquirtas, pro a súa semente quedou. E a toleria galeguista é un andacio. E o andacio galeguista non hai feixista que o mate.

## Doña Adelaida D. Barbazán

A carón dos seus fillos e de moitos amigos, celebrou en Pergamino, onde vive fai 55 anos, o oitenta aniversario da súa nacementa Doña Adelaida Barbazán, dona galega, que, non embargante os seus longos anos de residencia n-este país, —a onde veu pra se casar con un galego, don Ricardo Barbazán, e onde formou un fogar de outisima honra, onde ten soterrados seres amados e onde viven os seus—, conserva xugosa a súa galeguidade, tal se sempre estivese na casa natal, mitá vilega mitá aldeán, do seu Padrón: a suavidade na expresión, a verba garimosa, os xiros populares.

E, sempre, a lembranza bizosa, como recién nacida, dos lugares que na súa nenez e mocidade percorreu a través da inmensa grandeza da terra pequena e chea que vai do Salnés á Mahía, e que voltou a andar por dúas veces, xa ca súa máquina fotográfica pra deixalos apreixados, na compañía da súa rolada Arxentina que levou alá pra que coñecese a terra de onde ven a súa caste.

E unha regalia pasar unhas horas á beira de Doña Adelaida e ouvirle contar cousas de Galiza; como lle falaba Rosalia, súa veciña cando ela era unha mociña, o D. Manuel Murguía, e Don Xosé Hermida, o "derradeiro fidalgo"... E ouvirle discurrir e tirar datos das súas leituras, e verlle mostrar con amor vellos recortes de xornais e de revistas galegas.

En fin, Doña Adelaida Barbazán é, ós seus oitenta anos, e aínda o será por unha manchea máis, un craro eixemplo, unha circia leición, de amor á súa Terra, lembranza de verde liño das veigas do Sar, cravada, ergueita, na rica pampa do millo en que se asenta a cidade de Pergamino, onde vive tendo as raíces do seu espírito no cerne dos eidos nativos.

A Irmandade Galega de Bós Aires fíxose presente na festa do seu natal co seguinte telegrama:

"No oitenta aniversario do seu natal a Irmandade Galega saúda agarimosamente a Doña Adelaida Barbazán, outisimo eixemplo de galeguidade incorruptible".

## PICARESCAS E SATIRICAS

O cura e máis a criada  
ordenaron de cocer,  
tiñan a leña no monte  
e a fariña por moer.

No convento de Canedo  
hai un frade galiñeiro,  
a metidiña do sol  
—anda Rosa pra o poleiro!

# VERBA MAXISTRAL POLITECA SOCIAL

A Nación galega debe reter n-os agros unha poboanza tan aguixada como sexa posíbre y-antepol-a agricultura, o comercio y-a industria a pesar deque os liberales, aquiocados ou empulados pol-os seus intereses económicos, apóndose ideas progresivas ou sentimentos patrióticos, queren trocar, sin decatarse, o réximen d'o modesto benestar, d'a cooperación e d'a simpatía, que reina baixo un réximen agrícola acadado, pol-a loita, pol-a existencia y-o espírito frío e calculador d'a burguesía, que resulta d' un realismo sin idealidade coma o que crea o "asesorismo técnico", fomentando preferentemente n-a nosa terra o industrialismo.

O fin de toda nación é o benestar temporal d' as familias que a compoñen, pero este benestar non soilo consiste, abofé, en ter d' abondo bés de toda clás, de maneira que todas as casas podían satisfacer es suas necesidades senon tamén n-o aumento d'a virtú e d' a felicidade de todos e n-unha paz ben apuntalada contra anemigos d' adentro e d' a afóra. A agricultura é, d' entre todas as actividades económicas, a que ofrece condicións máis estimables dende o punto de vista social, ético, estético, económico, hixiénico e politéco.

Os cimentos d' o Estado son os labregos y-a posesión d'a terra. Esí vemos, pol-o que nos contan as estorias, que o pobo xudeu pra consolidarse, despoixa de conquistar a terra prometida, partiuna entr' as tribus de que se compuña y-estabrecu como medida pra conservanza d'o orden social ano do xubileu; o pobo d'os faraós asentouse sobre d'o reparto d' a terra entr' os sacerdotes os guerreiros y-os labregos, e n-o goberno de José, fillo de Xacob, fíxolle frente ós sete anos de fame rescatando o goberno as terras d' os labregos e partiñdoas de novo entr' eles; Licurgo acimentou o pobo es-

partano sobre o reparto d'a terra, entr' os espartanos, con cuyos lotes non se podía feirear e pasaban de país a fillos n-a forma de hermandás que gobernaba o vinculeiro; a nosa terra, inspirada n-estes dous prencípios: "A moita terra da dúas cheas, unha de traballo, outra de miseria". "Pouca terra, ben esterceda, val pol-a moita, mal traballada", chegou a ser algo debido ós foros y-a práctica de considerar os arrendos coma foros presuntos; as reformas de Salón acimentáronse n-o reparto d' a terra que tiña que producir o fixamento d' unha estrema pr' a posesión d' a terra; véndose España en calzas pretas os reis Agis e Cleomenes tratan d' estorcelo e un novo reparto d' a terra; en Roma as medidas de Spurio Casio Viscelino y-as leis licinias encamiñábanse a dar facilidás pr' o aproveitamento d' a terra. o protestantismo consolidouse cando n-a dieta d' Augsburgo (1555) ó concedersell' os príncipes luterans a libért d' o culto reconocéselle ademais a propiedade definitiva d' as terras que secularizáran; a revolta social galega foi aprazada co' as medidas legislativas, provocadas pol-a iniciativa d' o deputado xeneral d' a nosa terra, marqués de Bosque Florido, mantendo ós levadores n-a posesión d' as terras aforadas; a revolución francesa, afianzouse cando as terras d' a Eiréxa y-as d' os nobres emigrados pasaron ás mans d' os pequenos propietarios; y-a revolución rusa adequiñu forza y-estabilidade e' o reparto d' as terras d' os pomeschiks.

O industrialismo cámba a natureza d'o traballo, o sentido d'a vida y-a concepción d' o mundo d' as maras. O traballo industrial baséase n-a falta de procesos parciais, n-unha monotonia fatigosa e desesperante, pois coma ouserbou acabadamente Hobson: "A varianza é a esencia da vida y-o traballo mecánico é anemido d' a varianza". O industrialismo eixe d' os traballadores un consumo de forzas extraordinario que crea a necesidade d'unha merma d' as horas d' a xornada que producirá a decadencia moral se non se logra atallar o mal empreo que se lle da ó tempo libre. Tamén eixe leis sobre os accidentes d' o traballo cuyos efectos desmoralizadores, nótanse n-os países industriais e foron oxeto de estudio por parte do profesor Quincke. O trato co' as máquinas acaba por producir unha visión mecanizada d' o Universo; y-o industrialismo ademais, aumentando a posibilidade de satisfacer as necesidades y-aumentando a distancia entr' a satisfanza posíbre y-a satisfanza conquerible pol-as masas desterra d' os espíritos a resignanza.

Dend' o punto de vista dos intereses estéticos non han cousa pior qu' o industrialismo, pois o costume d' acuparse escurisivamente co' a técnica, como calquer acupación parcial "provoca un embotamento d'a vida d' a vida espiritual pra todol-os demais intereses e valores"; ademais, como dí John Ruskin: "o arte soilo pode desenvolverse n-un pobo satisfeito, libre d' o espectáculo de cousas feas e d' a coacción d' o traballo mecánico". Darwin, lamentándose d' haber perdido o gusto pr' á poesía, a música y-a pintura, di n-a súa biografía: "O habérsese destruído o gusto y-a intelixencia, por estas cousas é unha perda de felicidade, e quezayes sexa perxudicial pr' a intelixencia, pero muy probablemente é o pr' ó lado moral d' a nosa natureza, en tanto que con elo embótase o debilitase a vida d'o noso sentoeimento".

Din algús liberalizantes qu' é necesario protexer preferentemente á gran industria pra crear a posibilidade d'unha poboanza máis espesa, e que o seu industrialismo non téñ outra finalidade que dar traballo a xente probe. Pero, a produción industrial ¿non significa un aforro n-a mau de obra?; es industriás ¿non deixan por portas as

familias que dependen d' eles, si se inventa algunha máquina que lles permita prescindir d'o seu traballo?; ¿non está acaso resumida a ética industrialista n-esta sentença americana: "Non hay que utilizar xamais un home pr'o traballo que se pode confiar ónha máquina". Non hay qu'esquecerse de que a industria d' os texidos d'algodón, por exemplo, medrou en parte a costa d' as d'o liño e da lá. Carezo de datos respecto á influencia d'a industria algodoeira sobre d' os teares que en 1891 había, según Anxo Rubido, en Triacastela, Palas de Rey, Chantada, Padón, Betanzos, a Cruña, Malpica, Brión, Mesía, a Cañiza, Allariz, Baños de Molgas Xunqueira d' Ambia, Maside, Castro Caldelas, Viana d'o Bolo, a Mezquita, Verín, Laza, Xinzo de Limia, Bande e Celanova.

A gran industria pode dar lugar á posibilidade de soste unha poboanza máis pecha, pero non é pol-os brazos que n-ela s'acupen senon pol-as novas necesidades que crea.

Outro d' os argumentos d' os liberalizantes é o suposto aumento da produción, a baratura d' os produtos y-o aumento d'a riqueza. Respeito ó aumento d' os produtos pode contestárselle co' estas verbas de Tomás Carlyle: "¿De qué sirven as camisas que tecichedes? A millós colgan n-as tendas e non poden venderse. Y-eiquí hai millós de corpos espidos que suspiran por elas...". Ademais, os industriais forman cartels pra fixar o maisimun de produción d'o cual non poden pasar. En canto a baratura hai que ter presente que algús produtos pouco importa que baixen si os que os facían non teñen o costume de consumilos. Tampouco se pode esquecer que os industriais forman fortes asociaciós pra subir os preios, e senon dígnos os acaparadores, os trust y-as nosas compañías d' os camiños de ferro. Por outra, a baratura d' os produtos, dendo o punto de vista social, non se mide pol-os cartos que costan, senon pol-a súa utilidade pra vida e pol-a cantidade a calidade d'o traballo que se necesita pra produciolos: o precio d'unha cousa en diñeiro non ten nada que ver co seu valor, pois pra fixar sociolóxicamente o coste d'un produto "hai qu'estudiar tamen a influencia qu'o traballo exerce sobre d'o obreiro. Hai traballos que degradan ó home porque abusan d' as suas forzas. Outros encerran un peligro corporal ou moral. N-o concepto de coste soilo entra o traballo que aburre e fatiga, que se fai en condicións desagradables ou perniciosas e carece de toda influencia beneficiosa sobre o corpo y-o espírito d'o que o fai". Dendo o punto de vista social, os fletes eran menos costosos denantes d'inventarse a o vapor que despoixa: denantes estaba matal-o tempo agardando o vento favorable, despoixa costou, ecosta, que centos de miles d' homes pasen a vida enterrados n-o fondo d' as minas do carbón.

Por outra, ¿qué riqueza é a que aumenta co industrialismo? ¿A d'a nación ou a d' os particulares? A d' estes. Dícese que os cartos ganados pol-os particulares que os gastarán ou os emprearán en negocios; pero, ¿cándo y-en dónde? Ademais, este aumento d'a riqueza d' os particulares ¿non se fai á costa d'a probeza e d'a dependencia d'a mór parte d'a xente?

ARTURO NOGUEROL BUXAN

(Da revista "NOS" do 30 de novembro de 1920).

MERCERIA  
"La Maravilla"  
de Laureano Fernández

A CASA MELLOR SURTIDA  
EN ART'GOS PARA A MODA

Rúa Rioja, 1111 ROSARIO

# Agarimoso Homaxe a

Orgaizado por unha Comisión composta de membros do "Centro Ourensano" e da "Irmandade Galega" foille trebutado un eispresivo homaxe ao presidente da derradeira entidade nomeada, hirmán Rodolfo Prada, como manifestación de solidariedade e fonda apreciación da súa patriótica labora de moitos anos, na coeiti-vidade galega de Bós Aires, en Galicia e nos países ame-ricanos, polos que viaxou nos derradeiros tempos; obra outa-mente meritoria e de máisimo valor pr-á nosa patria.

Foi nos salóns do "Centro Ourensano", o día 27 de outubro, e foi verdadeiramente un aito estraordinario no que se puxe-ron de manifesto as fondas sim-patías de qu-está rodeado o hirmán Prada, i-ademais, o perfun-do sentimento de galegitude que teñen as nosas xentes dei-quí que acodiron a manifestar a súa adhesión, non somentes a un home de outos merecementos sinon que, tamén, ás ideas pa-trióticas que medran brizosas nas mentes e nos corazóns dos galegos emigrados n-este país.

A casa, xa petrucial, do "Centro Ourensano", viuse totalmen-te chea (máis da súa capacida-de) pol-a xente que acodiu; ha-bía representacións do Uruguay, La Plata, Rosario, Mendoza, da Federación de Sociedades Galle-gas, dos Centros Lucense, Pon-tevedrés, Coruña, da Sociedad de Corubión e de moitas outras entidades hirmáns; estaban re-presentadas todas as agrupa-cións políticas do Centro Galle-go, "Galicia", "A Terra", "Celta", "Unión Gallega"; concurre-ron os artistas da audición "Re-cordando a Galicia" i-outros máis entr-os que se atopaba a eisqueita cantante Maruja Vil-lanueva; fixéronse presentes os periódicos "Galicia", A NOSA TERRA, "Opinión Gallega", "Lugo", "Alborada", "Breogan" i-algúns outros ademais dos principais órgaos da prensa ar-xentina; houbo delegacións d-en-tidades cataláns e vascas.

Recibíronse moitas adhesións de outras entidades e persoas d-este país e do eistranxeiro, dos galeguistas de México, Cuba e Chile; unha nota moi eispresiva do director de "Crítica" don El-vio Botana i-un telegrama do di-putado galego don Ramón Suá-rez Picallo, dende Chile.

Ademais recibíuse un telegrama de París, do noso guieiro máiximo, o gran Castela, mi-nistro representante de Galicia no goberno republicano do doc-tor Giral. Este telegrama i-o nome de Castela foron acollidos con unha rexa i-alongada salva de aprausos pol-o público asistente o cal trebutou así un homaxe o noso líder que se ato-pa en Francia.

A dona do hirmán Prada foi-lle ousequiado un fermoso ram-allo de rosas, por unha belida rapaza do Centro Ourensano, i-a Prada un artístico pergaminho con debuxos que pra él fixeron adrede todos os artistas galegos residentes eiquí; unha obra de arte mañífica con traballos de Colmeiro, Seoane, Villaverde, Maza i-Enrique González que to-dos estaban presentes. Prada agradeceu este presente con emocionadas verbas e con bá-goas nos ollos que decían, máis que as verbas mesmas, da súa

fonda gratitude.

Na cabeceira da mesa, preto do hirmán Prada e da súa dona, sentáronse don Claudio Fernán-dez, don Pedro Campos Coucei-

Non estamos eiquí facendo un agasallo a un home que haxa feito un arranxo eleitoral e ganase unhas eleccións, nin a quen haxa tido un éxito comercial, nin a quen se reti-

adquiridos. Esas inqueданzas levá-ron-o ó "Correo de Galicia", cando este era algo, cando era galego, e cuase galeguista. Aí fixo unha la-boura de verdadeiro valor pra Gali-

enerxía constantemente pra axudar á democracia hespañola a defenderse do feixismo internacional.

No ano 1938, tendo en conta as cousas que pasaban en Hespaña, este home deuse á tarefa de xunguir á coeiti-vidade, á maioría da coeiti-vidade, que era, e sigue sendo, repu-blicana e democrática, n-un solo fato pra axudar á República que se via encerrada por todas as treidorías do mundo. O Prada traballa, móve-se captando voluntades, procura xun-guir ós galegos no santo ideal de República pra Hespaña i-Autono-mia pra Galiza. E logra que as vo-luntades de todos os galegos se unan en apertado mollo pra librar unha batalla na nosa máixima institución, o Centro Gallego. Non faltou quen se atrebuise así mesmo os méritos da labora de Prada e se beneficia-se d-eles, treicionando, de paso, os ideais que todos nós fomos a de-fender n-aquela loita. Non falla, aínda hoxe, quen pertenda seguir apropiándose dos méritos d-aquela xornada. Pro, é tempo de que esto acabe. Que non veña ningún aspi-rante a unha segunda presidencia recramando outra vez pra si méritos que non lle corresponden, que son do Prada e d-algúns outros homes que, con él traballaron pra lograr a uni-dade, da que, logo, se aproveitaron unhas "vivas" —d-acordo á eixpre-sión criolla— levando a iagaa ó seu mufio no que, por certo, nunca se moíen boa farinha, nin foi limpa.

Como consecuencia da súa autua-ción n-aquelas feitos o Prada foi elei-to pra Xunta Directiva do Centro Gallego, pasando a ocupar o cargo de Segretario Xeral, que desempe-ñou durante o prácio estatutario con especial acerto.

Non faltou ali a treidoria que lle quixo facer unha zancadela a este home e, por eso, ó finar o período reglamentario, non quixo seguir ali; non quixo malograr o seu destino facéndoo sulagar baixo á miuda aspi-ración de un posto n-un Consello de Apelacións. Non quixo vender, como fixeron outros de menos rei-tude ideolóxica, o seu dereito de pri-moxenitura pol-o consabido prato de ervellos d-uma figuración que, mais que ser tal, é unha especie de lápida mortuoria na que estan esquivadas, non sei por que ser maléfico, as tres letras que dan certificado de morte definitiva: R.I.P. (Requiescat in pace).

O Prada, con mui bon senso, decatouse de que estaba chamado a mais outos destinos; decatouse de que, pra certas cousas, pra certas submisións, fai falla ser un pouco lisiado do espírito. Decatouse de que o seu destino non era, non debía ser, ir a caer na morte civil, pasan-do pol-a eriba na que unhas homes pensaran as baratas gurias d-eles e dos que se les submeten. Prada non quixo ser un naufrago máis e non o foi. En boa hora seia dito.

¡Qué destino, o Prada, dos homes que andan por elí pepondeando fa-chenda e figuración, aléios ás inque-danzas que dan xerarquía ó pensa-mento i-á acción! De certo vos digo que, d-eses homes (que os hai) que renegaron d-un pasado que les daba categoría, pra andar agora feireando posicións espetaculares na coeiti-vidade, cando morran non deixarán nada dino de lembrar e somentes os lembrarán os herdeiros.

O Prada, en troques, ten unha limpa conduta, sin claudicación sin sometementos e ten unha liña retona que, partindo da súa propia nenéz, vai deixando ó longo dos anos, algo perdurable, algunha boa ensinanza pra as vindeiras xeneracións.

Pra él nunca houbo portas pecha-das en ningunha das nosas institucións nunca topou sitios coutados i-entrou en todas as entidades pol-a porta an-cha. E cando podía ser, como moitos outros, un figurón, un santón, fuxe d-esa guria barata e pasaxeira e colle pol-o camiño reuto, pol-o vieiro da humildade, cuase francis-cana, sin esquecer, por eso, a súa



Cabeceira do banquete ao hirmán Rodolfo Prada

ro, os deputados galegos, mem-bros do Consello de Galicia, Alonso Ríos e Villaverde, Ave-lino Díaz, Dr. Rey Baltar, doc-tor Sánchez Guisande, Luis Gue-de, Santiago Suárez, don Ma-nuel Puente, Xosé B. Abreira, Valeriano Saco, Perfecto López, os representantes das entidades do Uruguay i-as de eiquí e moi-tas outras personalidades.

O aito deu comenzo co Hino Galego. As adhesións foron li-das pol-o hirmán V. Saco.

Cando chegou o intre, don Claudio Fernández, en nome da Comisión Orgaizadora, pronun-ciou un breve descurso con ver-bas ateigadas democión e senso amical, ditas con sentimento i-eispresando fonda sinceiridade en col dos motivos do homaxe e do seu significado. As verbas de don Claudio Fernández foron acollidas con quente aprauso pol-o auditorio.

Seguidamente o hirmán Ave-lino Díaz, pra facer o ofrece-mento do homaxe, pronunciou o seguinte discurso:

## DISCURSO DE AVELINO DIAZ

Donas e hirmáns:

Por gracia da Comisión Orgaiza-dora d-este aito, teño o honor de ser eu quen diga aquí unhas verbas en col da personalidade do hirmán Ro-dolfo Prada e, de elo, síntome feliz e fondeamente sastifeito.

Non sei se cumprirei esta alta mi-sión como él o merece, pro, en todo caso, teño a certidume de que o fa-rei con sinceiridade e coa lealtade que o hirmán Prada, e todos vosoutros, tedes dereito a esperar de min.

O que vou a decir aquí non o quixen confiar á miña frague me-moria, e menos í miña falta de au-titules pra improvisar un descurso. Ademais convén que quede certaíra costaneia e, por eso, o confiá ó pa-pel, por que hai que facer un pouco d-historia.

Fai vinte e cinco anos que conozo ó Prada e, xa denantes, tiña noticias da súa persoa e da súa labora. Te mos tido él i-eu certas diferencias, non de carácter persoal sinon en canto a puntos de mira, mais, eso non me resta liberdade sin indepen-dencia de criterio pra decir somen-tes o que me impoñen o meu senti-mento i-á miña conciencia. Non terei logo, hipocresías, que pouse favor lle farían a este home, nin as que-rería, porque o que mais o contenta non son adulacións, senon as ver-bas ateigadas de sinceiridade e di-tadas pol-o fraterno sentimento.

re dos negocios, despois de tantos ou cantos anos (que por tan pequenas cousas se fan agasallos a moitas persoas na nosa coeiti-vidade). Non é por eso; é por algo de mais outa categoría pol-o que nos reunimos ho-xe eiquí, ó redor d-este hirmán di-leito, pra renderlle un homaxe que merece como poucos o mereceron. Nós, ó xuntarnos eiquí, n-esta mesa cordial e fraterna, facémolo, en certo modo, simbólicamente, de xeito que semellaría qu-estamos aló, nos nosos fogares galegos, celebrando un auspicioso acontecemento fami-liar. O Centro Ourensano i-á Irman-dade Galega, ben compenetrados dos méritos de Prada, tiveron a manifi-ca idea de orgaizar este homaxe, i-afellas que poucas veces se fará un con mais xusticia. Vénia ós que hon-raron a quen é dino de ser honrado.

Véde eiquí un home que saíu sen-do neno de Galicia, pro, que deixou o seu espírito tan apegado n-ela que semellaría que, por elo, houbera tido o raro privilexio de saír e non saír,

## Entidades adheridas

Federación de Soc. Gallegas  
Centro Pontevedrés  
" Lucense  
" Coruña  
Centro Villamarín - Perojano  
Centro Antas de Ulla y Monterroso  
" Salceda  
Soc. Residentes de Portas  
H. del Ayto. de Oleiros  
Centro Sanxenxo  
" Betanzos  
" Gallego de Avellaneda  
A. B. C. del P. de Corubión  
Soc. H. de Silleda  
Centro Arnoya  
Asoc. Vales Osera y sus Contornos  
Casa de Galicia de Montevideo  
Irmandade Galega de Montevideo  
Casa de Galicia de La Plata  
Centro Republicano Español  
Casal de Cataluña  
Agrupación Navarra Republicana  
Casa de Castilla  
Agrupación A Terra  
" Celta  
" Unión Gallega  
Dirección de "Crítica"

ou de ficar cabalando sobor do mar tendo un pe en América i-outro na patria, pra non desenraizarse d-ela. E non se desenraízou.

Cando saíu da terra pouco mais tiña que un ano de escola, pro, tiña un grande caudal d-intelixencia e forza de vontade e, na Arxentina en Mendoza, compretou a súa ins-trucción de xeito como pra abrir o seu vieiro pol-a vida.

Xa mozo, veu a Bós Aires donde escomezou a poñer en actividade as suás inqueданzas i-ós coñecementos

za, que ben se pode chamar labora eixecucional.

Despois na Asociación "Casa de Galicia" na que, ademais de prenun-ciar maníficas conferencias, foi co-laborador e Director da Revista d-aquela entidade.

Tal foi a categoría do seu traba-llo no "Correo de Galicia" ena men-tada Revista que, no ano 1920, xa tiña adequirida unha personalidade eiquí e na nosa terra, donde se co-nocían os seus traballos; por elo, a proposta do patriarca Murguía ru-bricada por outros académicos, o Prada ingresou como membro co-rrespondente da Academia Gallega. O gran patriarca i-ás outras vene-rables figuras da Academia, segu-ramente pensaron con razón, que a tal señor correspondía tal honor. E Prada, sendo aínda mozo, xa tiña un dos máis preciaos honores. Despois d-un tempo de estar en contanto es-piritual cos organismos que en Gali-za facían obra redentora, aquí un día fala n-un banquete ó poeta Blanco Amor i-expon craros concen-tos e ncoló as cousas galegas, nos difrentes aspectos do noso vivir na-zonal. Logo, unha xeira de conferen-cias, algunhas d-elas na Federación de Sociedades Gallegas; Antúa na O.R.G.A. da que tamén foi presi-dente.

Chega a ser Presidente do Grupo Galeguista d-eiquí, no que sigue acusando a súa vigorosa personali-da-de cada vez máis definida. Fai un viaxe a Galiza, i-en representación dos emigrados, asiste á histórica Xuntanza do Consello do Partido Galeguista na que se programou o pauto coa Esquerda Republicana, que deu pe ó do Frente Popular, e como consecuencia, ó Plebiscito do ano 1936. Ali coñeceu e tratou ó que hoxe é o noso mártir, Alexandre Bóveda, con quen coincideu en toda a ámpria concepción dos nosos pro-blemas.

Volve a América mais ateigado aínda, se cabe, de veneración i-amor á patria galega. Prenuncia unha con-ferencia na Irmandade Galega de Montevideo, conferencia que aquela Irmandade imprimiu en folleto, e logo foi reproducida nos xornáes de Galiza e d-eiquí.

Cando se conmemorou o Centena-rio de Rosalía Castro en Bós Aires, foi o Prada quen prenunciou, con singular éxito, a conferencia proe-mial d-aquela xeira, na Federación de Sociedades Gallegas; tempo des-pois, da conferencias no Centro Ourensano e na Casa de Galicia de Ro-sario. Mais, en tanto, os sucesos d-Hespaña non lle son indiferentes ó seu espírito, por que a eles vai apa-rellado o destino de Galiza e porque ten u nfondo sentimento de huma-nidade, amor pol-a liberdade e devo-ción pol-a República i-á democracia. Por eses ideais o Prada leitou con

# RODOLFO PRADA

acéedume, a súa santa rebeldía racial. De rapáz fíxose Apóstol da Galiza eterna e sigue, sigue, e seguirá (estou seguro) practicando o Evanxélico galego, autonomista, democrático e republicano, coa mesma fe dos homes unidos polos deuses. E, como Apóstol de Galiza, n-estes derreiteiros anos, aporveita seus viaxes por América pra alentar i-organizar ós galegos de Chile, Perú, Colombia, Cuba, México, entr-os que deixa afincado o Pauto de GALEUZO. En México intervén n-un homaxe á memoria do patriota catalán Lóis Companys, e os catalán d-aquel país editaron a súa conferencia n-un folleto que tiva longa difusión e foi reproducido nos xornais galegos e vascos.

Derreiteiramente fixo un viaxe a Hespania do que seguramente sacou porveitosas ensinanzas. Foi co anxeio de botar unha ollada ó panorama da nosa patria, decir unha oración laica no altar galego e, quizabes, verter unhas bágoas d-emoción diant-á ma xestade augusta de Galiza, pol-a que andivo en pelegrinación como novo romeiro ateigado d-inquedanzas e de ensoñación. Foi a revivir o pasado i-encher o seu espírito das novas visións que, loxicamente, ten de ofrecer agora a nosa terra ós que van a vela con ollos amorosos i-ó corazón aberto ó latezar de noso pobo n-esta hora transcendental do seu vivir. Foi a lembrar, tamén, un calado mensaxe de esperanza e de fe nos destinos que a Galiza lle están reservados pr-ó porvir. Esa fe inmorredreira que todos nós temos e que tamén alentan os nosos hirmáns d-alé, na espera de mellores días nos que brillará o sol da felicidade á que Galiza ten indisutibél direito.

Escritor e periodista de garra, orador enxundioso, anque un tanto romántico, como todo bñ patriota, bido eu que tamén é poeta (¿qué galego hai que non-o seia?) e que, quizabes, ten gardados algunhos versos de eixaltación galega nos que seguramente, puxo toda a súa emoción racial.

A historia de Galiza non se poderá escribir completa sin que teña un longo capítulo adicado ós emigrados e n-él o nome do Prada ten de figurar en primeiras liñas, como un dos mais rextos adalides da galeguidade. No altar da patria teremos a nómina dos nosos hérois, dos nosos mártires i-á dos benfeitores, a dos "bós e xenerosos" e, n-ela estará o nome do Prada, deste home que vive sempre en actitude sinalante, como co brazo extendido deic-ó occidente europeo, deica esa "punta de Europa", que é Galiza, sinalándonos a todos un rumbo que temos de seguir, so pena de perder a nosa personalidade e ficar como unhos probes esquencidos de nós mesmos; o que sería tanto como estar mortos en vida.

O Prada ten eiqui a súa familia, o seu fogar, as súas actividades profesionales; ten unha outra posición o podería, como muitos outros fixeron e fan, adicarse a malabarismos políticos de curto vó e vivir tranquilamente n' esa "honrada medianía" de que falou o poeta, e da que outros semellan estar satisfetos; máis, él non quixo eso, preferiu a loita i-ó trafego de todos os días e de todas as horas a prol da patria galega, da súa liberdades e do seu rexurdimento. Todo elo sin pedir na da en troques, sin aspiracións de carácter persoal, por simple e ben entendido patriotismo.

Como védes, donas e hirmáns, non estamos eiqui agasalando a un home que tivése un éxito momentáneo non estamos. frabricando unha reputación; estamos rendendo homaxe a unha reputación que existe porque este home a fixo, con armas de boa lei, no campo da política patriótica galega.

Estamos rendando homaxe a unha figura esgrevia que xa fai algún decénio que se proyectou a si mesma deic-ó futuro. Porque o Prada é un home que ten futuro e tera per-

vivencia no mañán, xa que a súa aución non se poderá esquecer. El vixión sempre pol-o prestixio de bon nome galego, cousa que debemos facer todos e que non deberán haber

consideracións encol de Galicia, da nosa coeitividade e dos problemas máis transcendentais en que nos toca intervención e obriga os galegos. Deu remate ás

algún que xustificase, non xa un homaxe coeitivo, pro nin siquiera un modesto agasallo de amigos.

O cruzar o Atrántico en poderoso "clipper" no cal se come en ben ser-

mentes, ante as insistencias, que posoalmente me trasmitiu iste gran pertruccio, iste home "bó o xeneroso", exemplo e honor da nosa coeitividade, de Don Claudio Fernández, a quen, por aitar sempre aos ditados do seu curazón acugulado de xenerosidade e de patriotismo galego, non se lle podía negar ren; chegou Don Claudio coas súas argumentacións cordias a un punto tal, no que, a mín, parecúme que, o non aceder, xa implicaba cain nos pecados de soberbia e de orgullo; a soberbia e o orgullo de presumir de eisceivamente modesto. Foi por í qu-eu me rendín e cain na debilidade de aceptar e de ser a causa de que vos dese a vosoutros todos a molestia de interrompir o voso descanso dominical e de deixar o pracer dos vosos fogares pra vir a iste aito. E así, ciquí me tendes usufrutuando da bondade e da xenerosidade de todos sen querelo nin maracelo.

Agora ben, pra tranquilidade da miña conciencia, prégoos que me permitades faguer unha distribución d-iste agasallo: pra mín unha minguiña que levarei sempre, sempre, ben acochado no meu curazón; un anaco pra miña abnegada dona e compañeira que, sendo arxentina, téñme sempre alentado nas miñas inquedanzas e labours galeguistas e ten sufrido resnadamente moitas e longas horas de soledades nas noites e nos días que me demandaban as miñas labours adicadas a Galiza, e o demás, a maior e millor parte d-iste agasallo, quero que sexa pra todos aqueles aos que de nantes me referín, pra aqueles que, nos currunchos das segredais das entidades que nomeci, nas redaccións dos nosos periódicos, nos microfónos adicados a Galiza, traballan e se sacrifican a cotío pola sagra causa da libértá e da democracia galegas. Queredes que sinale a xustificación? Pra elo é d-abondo que recordades, sementes, algunhs dos máis outos acontecementos da galeguidade que se deron nas beiras do Plata nos derradeiros catro anos: a creazón d-iste manífeco Centro Ourense e dos que se formaron seguindo o seu exemplo; os aitos culturais, artísticos e recordatorios de datas e persoeros da patria galega, a lembranza i eixaltación dos nosos mártires na inmorrente figura de Alexandro Bóveda, a edición de "Sempre en Galiza" o luminoso libro do noso gran Castelao, edición que é timbre do not e de orgullo pra iste Centro Ourense, o grandero banquete a Castelao no Príncipe Jorge pola publicación do dito libro; os transcendentais aitos de Montevideo co gallo da constitución do Consello de Galiza, o entendemento e conxunción das entidades galegas máis representativas no orde patriótico republicán galeguista, pra organizar os deus grandes aitos celebratorios do Plebiscito do Estatuto Galego e, seguidamente, pra salvar o bó nome, o prestixio e o honor da coeitividade galega de Bós Aires, erguendo a súa rexa protesta e documentando o seu repudio, diant-á d-unha tristeira i esventurada actitude que tivo tudol-os noxentos aspectos d-unha treición aos sentimentos republicáns galeguistas da nosa coeitividade e de crara treición á sagra Galiza.

Pois ben, todos ises acontecementos, —en varios dos cales nin siquiera tiven a sorte de colaborar por alcontrarme fora d-iste país—, mérito é d-ises traballadores cuasi anónimos, afervoados galeguistas, leales e rextos democratas republicáns, a quenes vos rogo lles tributedes o voso saúdo en quente e resoante apranso.

E feitas esí as debidas e craras contas e xustas discriminacións de méritos, eu fico coa miña conciencia en paz, e síntome coa necesaria base moral que me permite, sen sonroxos, ser agasalado n-iste aito.

Recórdase n-iste aito que eu xa levo 25 anos de actuaón na coeitividade galega (en segredo teño de deirvos que xa levo casi que 30). Elo é pra mín motivo de fonda preocupación e de certa tristura, posto que me bota fora, enérxicamente, d-ise autoengano

(Continúa na pág. 6)



Unha vista do banquete

esquencido algunhos, como eses graves señores que, pol-a súa figuración persoal, psaxeira como un relustro, non tiveron encomeniente en achegarse a quen ten sobor da súa conciencia a morte de cinco mil hirmáns nosos do Ferrol.

Pro, a eses graves señores, non estará demáis decirlles, de paso, que algún día Galiza os refugará e que a nosa coeitividade (pese á magra suma dos dous mil oitocentos consabidos —¡qué pouco premio pra tanta submisión!— a nosa coeitividade repudia o que se lle faga aparecer envolta nas faramalladas e nas malas artes d-unha política noxenta, máxime cando esa política se asocia á tiranía que ten a Galiza i-á Hespania aferolladas.

Os eidos coeitivos non son propiedade de ningún, e ningún ten direito a botar man do prestixio e do nome coeitivos pra lucirse persoalmente e facer o que o noventa por cento dos galegos non q-eremos que se faga, porque atenta contr-á nosa diñidade i-á do noso pobo.

¡Hirmán Rodolfo Prada! Perdóame se non soupen falar de ti como ti mereces, se non puiden estar a outura dos teus méritos de gaueiro, que ningún che pode negar; a miña deficiencia está suprida pola afervoa da adhesión de todos estes hirmáns qu-están o redor teu.

Agora, en nome do Centro Ourense, en nome da Irmandade Galega de todos estes hirmáns e da Galiza eterna, á que ti tan fidelmente serviche e sirves, como bon fillo, eu, coa man posta sobor do corazón, que é un corazón galego, ofrézoche este homaxe ateigado d-amor fraterno pra ti e de afervoadada devoción, a devoción de todos nós, a causa galega, autonomista, democrática e republicana, das que ti és un dos máis consecuentes adalides.

¡Hirmán Rodolfo Prada! Que este homaxe caia no teu corazón como chuvia benfeitora, como orvallo mañanceiro, doce i-acariante, e che deia novos azos pro seguir o teu reuto camiño, ese camiño que colliche dende neno e que ten por finalidade traballar decote polosontos destinos da nosa patria.

Nun dos párrafos da súa oración, así como ó remate da mesma, o hirmán Avelino Díaz recibiu longos e rextos aprausos.

Despóis, en representación do Consello de Galicia, falou o diputado e conselleiro don Elpidio Villaverde, quen tivo unha cariñosa lembranza pra Castelao, puxo de manifesto os méritos de Rodolfo Prada e fixo axeitadas

súas verbas con vitores a Galicia i-á República que a concurrencia coreou i-apraudiou longamente.

Logo o hirmán Prada, visiblemente cheo d-emoción, eispreou o seu agradecemento polo agasallo decindo, entre outras cousas, o seguinte:

## DISCURSO DE RODOLFO PRADA

Donas, amigos e irmáns:

Os homes temos a cotío debilidade que amostan a nosa fraqueza psicolóxica. Eu cain n-unha d-elas; e precisamente por matinar e querer fuxir d-elas. Esí é, como eu cain na debilidade de acutar iste agasallo. Eu resistínme a aceptalo. Un día honrou o meu fogar un fato de homes, —moi queridos amigos e bós irmáns galeguistas—, pra me sorprenden e abrumar co ofrecemento d-un agasallo. I

## Telegramas de adhesión

A. R. Castelao, desde París  
Sebastián González, de P. Rico  
Alvarez Gallego, de Cuba  
López Durá, de México  
Ramón Suárez Picallo, de Chile  
Casa de Galicia, Montevideo  
M. Vázquez Salgado, Rosario  
Alvarez Ares, de Rosario  
Antonio Carballo, de Avellaneda  
Aldasoro, Basaldúa y Basterrechea, de Capital  
A. Rodríguez López  
Jesús de Zabaleta, de Capital  
Sra. de Serra Moret, de Capital  
Benito San Martín, de Capital  
Francisco Regueira, de Capital  
Ponciano Sarmiento, de Capital  
H. Cano Rivas, de Capital  
Josefina S. M. de Mao, de Capital  
José M. Linares, de Capital  
Lina Listre, de Capital  
Angel Negro, de Capital  
José Alonso (h.), de Capital

eu, non por modestia, senon por honrado e conscente convencemento de que non había razón valdeira que o xustificase, tiven que lles manifestar a miña negativa. Elo era ben doado; eu non tiña rendido á coeitividade, —n-istes intres—, ningunha gran labours especialmente proveitosa nin brillante, eu non tiña desempeñado, n-istes derradeiros tempos, ningún cárrago de releve nos nosos organismos coeitivos ó romate do cal coupese premiar unha actuaón acertada. Eu ollábame por dentro e por fora e, por moito que furgaba benévola mente na miña actuaón, non atopaba mérito

vidas mesas; o pasar un día e unha noite na república de negros de Libéria en África hospedado en cómodos "bungalows" ben defendidos contra mosquitos e alimañas e ben servidos por camareiros negros elegantísima e pintorescamente traxeados de "smokings" brancos e calzadas as máns con brancos guantes, —anque cos pés espidos—; atravesar países e continentes en framantes catrimotores que levaban 54 pasaxeiros... todo elo non é hoxe fazaña nin mérito algún. Que n-isa viaxe, onde queira que eu me atopei, sexa voando por riba de Atrántico en longa conversa con un intelixente correspondal da "United Press" que ía a Londres a xuntanza de Cancilleres, sexa en Río de Xaneiro i en Lisboa en conversas con esgrevios patriotas democratas portugueses, sexa na nosa sagra terra ó conxuro dos mártires e diant-ó cadro témero das viudas e dos herfos, sexa en Cuba, en México, en Perú i en Chile, en reunións con personalidades qu no seo de organismos d-emigrados i eisilados galegos, cataláns, vascos e republicáns hespañoles, que en todos ises intres, que en todas isas oportunidades esí coma non deixei de eisaltar a ista gloriosa patria arxentina, eu non esquecín o meu afervoadamento galeguista e percurei escrarecer i erguer os direitos inalienables da Galiza, iso, todo iso é natural i é de orde común, e pol-e tanto non acusa tampouco mérito. Calisquera irmán galeguista faría, —eo fai a cotío—, o mesmo.

E pol-o que se refire a traballos galeguistas, en forte conxunción cos demás democratas hespañoles no noso ambiente, eu non fun senón un de tantos e, dende logo, nin dos millores nin dos que máis se sacrificaron. Ontros hai, que forman xa amplo e brillante fato, n-iste prestixioso e meritísimo Centro Ourense, na benquerida Irmandade Galega, na xa prócer e sempre batalladora incansable Federación de Sociedades Galegas, no ben ourreado Centro Pontevedrés, no puxante Centro Lucense, no Centro Coruñés, nas sociedades comarcanas na califcada Comisión da Facenda, colaboradora efica do organismo representativo e reutor do Consello de Galiza. —outros hai—, n-ises señores da nosa coeitividade—, que veñen desenrolando con sacrificios cotidiáns, xenerosa e patrióticamente, labours manífecas que, non por ser casi sempre silenzosas e anónimas, deixan de ser adevetidas e apercidas por cantos teñen ollos limpos pra ver e bó curazón galeguista pra sentir. Dar nomes, sería longo e ademáis innecesario.

Mais, voltemos á miña acusada e aínda non espicada debilidade. Eu seguin resistíndome a acutar iste agasallo por inxustificado. E foi so-

# Homaxe a Rodolfo Prada

## Nota da Irmandade Galega

### ENTUSIASTAS AITIVIDADES PATRIOTICAS

(Ven da páx. 5\*)

no que un istá metido, no autoengano de seguir un considerándose mozo, anque maduro... Xa non hai tal...! Xa un ten feito moito mais camiño do que lle resta percorrer... Mais, isa tristura por unha mocidade que se afunde nas augas dos anos idos, fica compensada pola doce satisfacción de ollar, dende ista cume, o camiño feito. A principios de século, sendo eu ben neno aínda, a riada da emigración arrincou á miña familia do noso currunchu ourensán, da fermosísima patria galega; e, coma restos frotantes d'un naufraxio económico, fumos a facer pé na belida e histórica cibdá de Mendoza encravada no seo d'istas grandieiras, acolledoras e benamadas terras arxentinas. EKI, en Mendoza, me formeí e paseí a primeira xuventude, tendo a coíto, coma fondo do meu espírito, un morno sentimento saudoso, que zugaba nos meus teimosos recordos da paisaxe galega, do fogar natal, das augas do Miño, do ár e do ceo galegos... O marco impoñente dos Andes e os viñedos ubérrimos, tamén lle doaban zume ás miñas soedades nas que se enxendrou a morriña que ficou pra sempre, xa pra sempre ruína inseparable compañeira... E foi no ano deeseito, que viñen a Bós Aires e me incorporeí a ista coledividade galega. A ela cheguei exproitoalmente axeitado, pois tiñen a sorte de que meus pais, no seu fogar d'emigrados, fixeron un culto da nosa sagra língoa galega.

Teño, pois, diante dos ollos do meu espírito, o panorama da nosa coledividade de máis dun carto de século. E podo, e quero procamalo, que me sinto orgulloso de pertencere a ela, pois con tudol-os altibaxos, con tudol-os erros, con tudol-as loitas, moitas vegadas ben noxentas, que ten sofrido, a nosa coledividade mantivo sempre, sempre, unha liña, e seguiu unha traieutoria, que nos honra e nos enaltece a todos; latexou sempre a caron da patria galega, a caron do povo galego, interpretando fidelmente os seus sentimentos, sentindo os seus problemas e participando das suas inquedanzas de superación, de libért e de democracia.

Cando o verbo alcendido do Abade de Beiro, o loitador Basilio Alvarez, ergueu ó labrego galego pras reivindicacións agrarias, a coledividade galega de Bós Aires respondeu e axudou abertamente a aquil histórico movemento de xusta liberación. Cando os

anceios de reivindicación dos dereitos da nacionalidade galega, —asoballada dende os tempos dos Reises Católicos—, anceios que foron sementados por Faraldo na revolución do ano 1846 e logo regados pol-as Precursores Vico, Aguirre, Murguía, Pondal, Rosalía e Brañas, cando ises anceios froreceron no verbo patriótico de Porteiro Gareta, nos dibuxos de Castelao e na doutrina de Risco, na nosa coledividade xurdiu a patriótica entidade "A Terra" que foi matriz venturosa de todo o galeguismo desenrolado no noso ambiente; e pouco despois, no brillante aito inaugural d-aquela gran Casa de Galicia, que foi o primeiro intento serio de concentración e canalización de forzas galegas dispersas, que se deu a nosa coledividade, o home que fixo o discurso inaugural puxo á nova entidade baixo o patrocinio espiritual de Porteiro Gareta, que era tanto coma poñela na corrente máis nítida e fonda do civismo do povo galego. Ben merece ise home, que hoxe me honra coa súa presenza eiquí, na campaña dos seus fillos arxentinos que teñen emoción galega, ben merece ise home, Don Xosé Barrio, o noso garimoso recordo. E cando a podremia da política monárquica hespañola, enxendrou a ditadura de Primo de Rivera, unha puxante e meritória entidade, a Federación de Sociedades Galegas, salvou tamén n-aquil intre o honor, non soio da coledividade galega senón da hespañola, combatindo fortemente aquil esventurado réxime antidemocrático que padeceron o Estado Hespañol; e, esí coma tamén, máis adiante, cando aínda non había en Bós Aires forza republicán hespañola que contase ren, constituíuse a Federación de Sociedades Galegas en rexo paladín da República Hespañola que escomenzaba a xermolar nos comités erandestíños da península. Un dos fundadores d-isa Federación, tamén me honra eiquí coa súa compañía; iste rexo loitador, o deputado galego Alonso Ríos. E cando Galiza, pol-os vieiros da legalidade constitucional da República Hespañola, se deu a tarefa de conquistar a súa Autonomía, tudal-as sociedades galegas de Bós Aires, en manífecca conxunción patriótica, fixeron chegar á nosa Terra, na hora histórica do Plebiscito, a súa voce de firme e prena solidariedade. E cando chegou o tráxico intre da treición a República, da barbarie totalitaria internacional botada coma cáns adoeidos sobor dos heróicos povos das Hespañas, os galegos de Bós Aires, con impoñente vibración, istivemos prenamente coa causa dos povos hespaños e demos o manífico exemplo, —único no panorama das coledividades hespañolas d-América—, de que tudal-as entidades galegas, que pasaban de dúas centas, istivessen, sen escención alguna, a prol do Goberno lexítimo da República, incurso o grandieiro Centro Galego conquistado locida e briosamente pol-a emoción impetuosa do sentimento galeguista e republicán en inesquecibles elencios. E cando despois da dramática derrota, chegou a refuxiarse á nosa veira a máis esgrevia figura do galeguismo, o máis outo persoeiro da Galiza mártir, da Galiza republicán e democrática, o gran

irmán Castelao, a coledividade galega, encabezada percisamente pol-o Centro Galego, lle fixo un apoteósico recibimento e o tivo acollido no seu seo, arrodeado d-emozonante agarimo—. E cando se creou o Consello de Galiza, pol-a necesidade urxente e a comenenza imposterabel, de que a nacionalidade galega contase con un orgaismo que a representase no mesmo rango das nacionalidades vasca e catalán no ámbito republicán hespañol, a coledividade galega de Bós Aires, conxuntamente coa tamen moi meritória de Montevideo, deulle o seu forte respaldo, contribuíndo esí a que se dera o feito histórico de que Galiza tivese, por primeira vegada, representación n-un Goberno Hespañol.

Por iso, por tudo ise longo e brillante historial da coledividade galega, sempre rexa e afervoadamente na máis reluciente liña de galeguidade, de libért e de democracia republicán, é ben doado que eu me sinta orgulloso de pertencere a ela. E por iso tamén, cando, por incompreensión ou cobardía ou inlicia, se luxa con aitudes protervas, o brillante historial da coledividade galega, que representa longos anos de loita acugulados de sacrificios do moitísimos irmáns galegos, cando elo ocorre, fican prenamamente xustificadas as sagras indiñacións e os máis enérxicos repudios.

E tñrese d-elo unhas leccións; a lección da lealtade, a lección das condutas, a lección de que hai uns principios e unhas obrigas sagras coa patria galega, que teñen de istar sempre por riba de tudo amaño, de toda consideración persoal, e que teñen de manterse a custa dos máis grandes sacrificios. E tñrese d-elo tamén a necesidade vital de radiar dos cadros directivos da coledividade aos que non xogan limpo coas ideais, aos que non responden aos sentimentos crara e ámplamente manifestados pol-o povo galego de alá e pol-o povo galego d-eiquí.

E denantes de terminar, quero pedirvos que me acompañedes n-un recordo, leal e garimoso, pra o gran irmán Castelao, quen, sen dúbida alguna, dende París ten postos o pensamento co curazón nos coledividades galegas do Plata, as cales il considere coma a Galiza ideial, a Galiza libre n-istes muros tempos nos que, a Terra sagra, fica crudelmente asoballada. Un recordo pra o irmán Castelao que istá traballando afervoadamente, dende o seu posto de guieiro da galeguidade, pra lle doar a Galiza a gloria da súa definitiva liberación.

Pra todos vosoutros, pra os delegados de benquerida e por mín admirada coledividade galega de Montevideo, pra o Centro Ourensán e pra Irmandade Galega que me proporcionaron a ledicia d-iste aito, pra todos, o meu máis afervoadado agradecemento posto n-uns vivas: ¡Viva a Arxentina! ¡Viva Galiza! e ¡TERRA A NOSA!

Prada recibeu, ó longo do seu discurso, rexo aprausos i-ó rematar, recibeu unha verdadeira salva de aprobación pol-os concetos vertidos e como manifestación de aprecio pol-a súa obra e de cariño a súa persoa.

En resumen: Este homaxe foi un verdadeiro aito de xusticia e d-estímulo pra este hirmán tan patriota que se fixo merecedor o títido de "bó e xeneroso" e que, por todos concetos, é dino do grandieiro aprecio que se lle demostrou.

Un aito que, pol-a cantidade i-á calidade da xente que acodiou, ben se pode afirmar que foi unha nova consagración do hirmán Prada, unha manifestación dos anceios galegos e de fé nos destinos da nosa patria.

Foi como un Plebiscito do que ten de quedar en fonda lembranza.

A Irmandade Galega de Bós Aires considérase na obriga de facer chegar a todol-os coteráns que sinten anceios de liberdade e autonomía a súa vos de alento e cordialidade.

Ao mesmo tempo, debe dar a coñecer os feitos que constituen motivo de íntima satisfacción para ela e que honran a labouira patriótica dos irmáns máis achegados ao movemento galeguista, diños de sinalarse pol-o seu desintrés e a súa xenerosidade.

Por xurdir do seu seo as iniciativas que deron como resultado a manífica aituación das Irmandades do país e do estranxeiro, imos a dar eiquí un breve resume das xuntanzas máis importantes reaizadas pol-a xunta executiva da dita Irmandade.

#### Xuntanza estraordinaria do 29 de Xuño de 1946

Co gallo de posesioarse dos cárregos da nova comisión da Irmandade, elixidos na derradeira asamblea xeral, congregouse o citado día no amplo salón do Centro Ourensán unha nutrida e calificada concurrenza.

Despois de pronunciadas verbas relacioadas co aito que se celebraba i en col de algúns aspectos dos problemas de Galiza, ditas con fonda emoción pol-os irmáns que falaban nese intre, un dos representantes de Mendoza, fixo súa a ideia de celebrare un congreso de irmáns que xuntara en Bós Aires, ou en calquera outra gran cidade, o maior número posibel de galegos, xunguidos pol-o ideial común.

Ista ideia, eispresada tan oportunamente, era fidel refrexo da boa vontade que anima aos irmáns de Mendoza para traballar sen desmaios pol-a nosa causa. De máis está dicir que a proposta tivo grande acollida por parte dos presentes.

#### Xuntanza do 3 de Agosto de 1946

Como réprica á continua preocupación dos membros directivos da Irmandade de dar o maior apoio e asesoramento ao movemento no interior do país, na xuntanza do día da data, sóupose das proieccións alcanzadas nos aitos levados a cabo na cidade de Mendoza, co gallo da semá de Galiza, onde ista entidade estivo diñamente representada pol-o irmán Antón Alonso Ríos.

Os leitores de A NOSA TERRA xa coñecen os detalles de tan imortantes aitos, pois ao seu debido tempo foron publicados nas súas columnas.

#### Xuntanza do 17 de Agosto de 1946

Tamén en Rosario, onde viven tantos irmáns nosos, espertouse

o entusiasmo galeguista, acuciado pol-o noso delegado, coa valiosa axuda dos loitadores irmáns Ares.

O resultado non poido ser máis froitífero; celebráronse grandes aitos galegos, con transmisións radiaes sobor de Galiza, na derradeira semá do pasado mes de Xuño.

Pero a nota descollante nesta xuntanza foi a noticia da constitución dun grupo galeguista na localidade de San Martín (Mendoza). Débese dicir que o papel preponderante cúpolle entón aos irmáns da capital mendocina.

En xuntanzas posteriores—31 de agosto e 14 de setembro de rradeiros— a nosa ledicia foi estraordinaria ao impornos da forma en que se vai espallando a galeguidade por todal-as partes onde hai poboación galega.

Por exemplo, en Río de Xaneiro acaba de orgaizarse unha entidade similar á nosa, cos mesmos fins e que xa alcanza regular volume antre a vasta coledividade galega daquela cidade.

Sería longo e monótono, anque intresante, detallar eiquí a acollida favorable e o rexurdimento das nosas cousas en cidades como A Habana, México, Nova York, Río de Xaneiro, Montevideo, etc.

E de propósito non falamos de Galiza, porque alí o sentimento patriótico medrou dunha maneira insospeitabel nos derradeiros tempos e non é agora oportuno darlle a publicidade desexada.

De todo o que se leva dito nas liñas precedentes destácanse tres importantes puntos.

Espallamento da galeguidade na nosa coledividade de América.

Necesidade de afianzar ese moimento e darlle solidés, avencellándoo antre sí.

Arbitrios para asegurar a saída quincenal de A NOSA TERRA, o orgao encarregado de manter en outo a bandeira do galeguismo e da galeguidade.

Para ampliar estas informacións e tratar sobor dos eispresados temas, a Irmandade Galega de Bós Aires invita aos asociados a unha xuntanza para o día 9 de novembro, ás 21 horas, no local do Centro Ourensán, Belgrano 2186, pregando a maior concurrenza para que o éisito sexa complot.

## Casa OTERO

### Placas Radiográficas

Artículos de Calidad ELIOT  
Para Farmacias y Hospitales

Agujas y Jeringas Hipodérmicas  
Catgut, Guantes, etc Perfumería

GENERAL URQUIZA 624  
U. T. 45, Loria 8273

### O seu TRAXE

### O seu SOMBREIRO

### A sua CAMISA

### A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

**CELTA**

FEDERICO LACROZE 4086  
UNHA CASA  
ENTEIRAMENTE GALEGA

### Fábrica de Sobres

Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria

**Pedro F. Darrigol**

M. DE OCA 202 - 3º F.  
U. T. 23 - 9081

## Fernández y Hno.

### Sastrería para Damas y Caballeros

CONFECCIONES — CAMISERIA FINA

Maipú 1064

Teléf. 4896

Rosario

# A Federación de Sociedades Galegas Cumpleo 25 Anos

A Federación de Sociedades Galegas cumpleo as súas Bodas de Prata a fins do pasado mes de setembro. A súa Directiva preparou un amplo programa de festexos, como non se fixera en dexamáis ante nós; tanto pola bastidade, como polo gusto ecléctico e fundamente patriótico e cultural con que foi preparado. Saúdos por radio; exposición de arte; atencións a prensa; concurso literario; concerto de canto e música; concurso de música coral galega, e, coroando estes brillantes aitos, foi servido o 29 do pasado, un espléndido banquete.

## COMEZAN OS AITOS

Dou comenzo o desenrolo do programa o sábado 21, co saúdo por radio aos nosos irmáns espallados por América, polo secretario xeral da Federación, irmán Antón Alonso Pérez; o mesmo día a tarde, sirveuse un espléndido "lunch" aos representantes da prensa argentina i-española, o que estivo concurridísimo. Ofreceu o homaxe o director de "Galicia", Eduardo Blanco Amor, en nome da C. de Prensa da Federación. O domingo 22 por diferente "broa-casting", o secretario xeral, Alonso, repiteo o saúdo aos emigrantes galegos. O día 23 inaugurouse a exposición de "Estampas de guerra", de Castelao, e o seu Album "Nós", que foi moi visitada por seleita concurrencia. O día martes pola noite Eduardo Blanco Amor disertou, con elegancia e seguridade informativa, sobre o tema: "Constantes da Poesía Galega: sarcasmo, humorismo, nostalgia", a que concurreu un público numeroso, sendo moi aplaudido. O miércoles 25, o Coro Rosalía Castro executou as máis belas cancións do seu repertorio, colleitando unha boa tanda de aplausos. O xoves 26, foi a competencia dos coros galegos pol-os premios instituídos pola Federación.

Presentáronse varios; resultando premiados o "R. Castro" e "Os Rumorosos", este derradeiro, co primeiro premio, e co segundo, o "Rosalía Castro". O xurado declarou deserto o terceiro premio. Asistiu a este torneo coral un público tan numeroso, como poucas veces se viu

## Con Este Gallo, Fixo un Mañífico Programa de Festexos, Celebrados con Moito Eisito

na Federación, que aplaudeo a rabear a ambos coros. O día seguinte, viernes 27, realizouse un concerto de música e canto, por un grupo de artistas galegos, que actuaron con gran acerto. Tiveron bon eisito, e foron aplaudidos.

### O BANQUETE

O domingo día 29, as 13 horas, realizouse un gran banquete ao que asistiron o redor de

Genaro Muñoz, Alfredo Baltar, Abraira, Avelino Díaz, Manoel Cao Turnes, Claudio Fernández, Lino Pérez, Luis Guede, Santiago Suárez, M. Lamas, Campos Couceiro, Quintans, F. Monasterio, J. Echegoyen, Perfecto López, E. Friol, G. Díaz, etc.

### DISCURSOS PRONUNCIADOS

A os postres, fixo uso da verba o noso irmán Alonso Pérez, en nome da Federación. Dixo un

sempre n-esta liña de batalla. Discurso, repetimos, vibrante, apaixonado, breve. Também foi moi aplaudido. Tocoulle o turno ao secretario do Consello de Galicia, deputado Alonso Ríos. Fixo unha arenga patriótica de outos vóos. Foi breve; pero, boa.

Refireuse ao seu traballo, e os dos demais compañeiros pra fundala Federación. A loita pola edición do primeiro órgano da mesma "El Despertar Gallego". Lembrou aos seus compañeiros da "época heroica", pra os que tuvo verbas de fondo sentimento fraterno. Falou, despois, da obra mañífica da Federación; proietando o seu pensamento sobre o destino de Galicia dentro dos povos peninsulares. Refireuse a futura estruturación da nova Hispania, dentro d-unha simbiosis ampla, n-aque os catro grandes povos: Galicia, Castilla, Cataluña e Vasconia, conquiran a súa personalidade política, n-un gran Estado federal republicano, sin mengua pra ningún. Falou do papel brillante que lle espera a nosa Terra, na integración de Portugal n-esta gran simbiosis ibérica. Rematou a súa enxundiosa improvisación, denostan-

do ao réxime falanxista, pidiendo un posto, si era necesario pra Federación, de soldado raso, até ver abatida a noxenta tiranía de Franco. Aplaudido en diversos períodos, foi ovacionado ao finalizar.

Co as afervoadas verbas de Alonso Ríos douse por terminado o aito, en verdade, espléndido. Cúmplenos manifestar, que parece abrirse camiño na nosa coletividade, un "nuovo estilo". Aquela garulería, tan española, de oito ou dez discursos en cada comida, vacíos, insustanciales, que terminaban facendo temíbles os banquetes, vai desaparecendo; e ogallá desapareza de todo. A este "novo estilo", non somos alleos nós, os galeguistas.

### A NOSA FELECITACION

Vaia pra Xunta Executiva a pros federados todos, as nosas sentidas felicitacións pola forma brillante e de eisaltación galega e democrática, con que prepararon a realizaron o programa de festexos das Bodas de Prata.

Non queremos cerrar esta crónica sin facerlles chegar n-ela, aos compañeiros da Comisión de Prensa de "Galicia", a nosa enhoraboa polo esforzo, que siñifica hoxe, a edición ejstraordinaria d-un número eisceicional, como o que sacaron eles, co gallo das ditas Bodas.



Cabeceira do banquete, presidido por Antón Alonso Pérez e os deputados galegos Alonso Ríos i-Elpidio Villaverde

setecentos comensales, servido no mesmo local da Federación. O aspecto era espléndido; foron invitados, e concurren, numerosos representantes da Banca, do Comercio e da Industria. Delegados de moitas sociedades españolas e galegas, da Capital e do Interior. Chegou eispresamente unha nutrida delegación dos nosos irmáns de Montevideo, en representación de Casa de Galicia e de outras entidades da mesma cibdade. Recibíronse innúmeros telegramas e cartas de adhesión de México, Nova York, Chile, Brasil, Cuba, etc. De París un moi eispresivo do presidente do Consello de Galiza, don Alfonso Castelao, que também mandou unha carta autógrafa para a edición ejstraordinaria de "Galicia", de 32 páxinas, feita como unha parte do programa de festexos, e outro de Giral.

Banquete servido con verdadeiro esmero e que merece as nosas felicitacións.

Foi presidido, como era natural, polo secretario xeral irmán Alonso Pérez, que tiña a súa deita e a súa esquerda aos deputados galegos, Antón A. Ríos i-Elpidio Villaverde, respectivamente. Estuveron sentados na cabeceira da mesa moitos invitados especiais, entre os que lembramos ao Dr. Rey Baltar, Manoel Puente, Rodolfo Prada,

bon discurso, un gran discurso. Historiou a grandes rasgos o nacemento da Federación. O estado da nosa coletividade n-aquel entón, resultando lóxica e necesaria a súa creación. Refireuse a obra cultural e política desenrolada por ela. A loita contra a dictadura de Primo de Rivera, a defensa da República, despois; e sobre todo, as campañas pola Autonomía da nosa Terra. Terminando con verbas acesas de fé nos futuros destínos da República e da Terra galega, tendo frases de condenación pro réxime falanxista que aferrolla a nosa Patria. Foi moi aplaudido, párrafo a párrafo. Mañífico e concituoso discurso, cinguido e sobrio de forma; pero, pleo de contido. Lástima que a tiranía do espazo non nos permita publicalo íntegro, pois e merecente d-elo.

Seguidamente, o señor García Calvo, en nome de "Casa de Galicia" de Montevideo, pronunciou un notabel discurso, eisaltando a labouira dos emigrados, destacando algúns d-eles, que tiveron sinificada actuación na vida e na historia uruguaya. Ao mesmo tempo, fixo entrega ao secretario da Federación, d-un eispléndido pergamino, obsequio dos galegos residentes n-a veciña ourela, que foi agradecido polo irmán Alonso Pérez. A Comisión de Damas da Federación, também fixo entrega d-unha placa de bronce, conmemorativa das Bodas de Prata, obsequio, como anterior, agradecido polo secretario xeral.

Despois, falou Alfredo Baltar, en nome da C. de Prensa do semanario "Galicia". Verbas cheas de entusiasmo, vibrantes, ditas coa eisaltación característica habitual n-él. Fixo un hino a democracia e a liberdade, poñendo de manifesto que a Federación, e o seu órgano "Galicia", estarán

## Fogar Galego Para Ancianos

Esta benéfica e prestixiosa entidade acaba de pechar a súa primeira etapa, que se pode chamar provisioal, pois asín tamén se tiduaba a comisión directiva que a rexía.

Co Sr. Emilio André de presidente, reaizou a mañífica labouira que cimentou con bases fermes a marcha cara o futuro.

O seu campo de 30 hectáreas de eistensión, en Domselaar (F.C.S.), con casa e dependencias que albergan a 30 asilados de entrambos sexos, é unha demostración palmaria da aitividade i eficacia da mencionada comisión.

Pro hai que seguir adiante. A obra non fixo máis que escomenzar. A capacidade está xa colmada i é mester dar acougo aos centos de galegos que fican sen amparo. A oficina da sociedade está chea de solicitudes de ingreso, que non se poden atender.

Axiña será necesario construír un novo pabellón para recoller a tantos paisanos nosos que carecen da quentura e o agarimo do fogar. Y esta debe ser a labouira da recente comisión directiva que acaba de ser elexida en asamblea xeral.

En efecto, con motivo da consecución da persoería xurídica, o Fogar Galego para Ancianos entrou, por asín decilo, na súa maoría de idade, renovando as súas autoridades, que de provisioaes pasaron a ser definitivas.

A tal comisión, integrada por distintas persoas da nosa coletividade, será presidida polo respetabel home de negocios e de grande corazón galego, señor Xacobo André, que non duvidamos igoulará polo menos a froitífera atracción do seu diño irmán Emilio.

Felicítamos á simpática entidade galega pola obra cordial e humanitaria que recaira con tanto acerto e desexámoslle os máis outos progresos en favor dos probes irmáns nosos que carecen de todo pasar e de todo agarismo.

### LEA E DIFUNDA

**A NOSA TERRA**  
PERIODICO AUTENTICO  
GALEGO QUE DEFENDE  
A AUTONOMIA DE GALIZA

### Acumuladores

**"Beit - Bat"**

SON OS MELLORES

Rúa Corrientes, 474

ROSARIO

### Sociedad Cafés

**"LA VIRGINIA"**

Vélez Sársfield, 1151

Rosario

**CASA DURAN**

• SOMBREIROS

• CAMISAS

• BONETERIA

• PANTALOS

30 Gral. Bosch 30

U. T. 22 - 4405

AVELLANEDA (PIÑEIRO)

Dépois das incursións,  
Forxá, fozzede gñóns,  
Pode opañir o ferro,  
Un corpo enfrazgado;  
Mais as nobres idén,  
E gloriosos incúntos...  
Esas... non pode, non o  
(duro ferro,  
Nin a morte, extinguíse  
Hábaro FUNDAL

# A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

Ano XXX ★ BÓS AIRES, OUTUBRO 1946

★ Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

★ Núm. 452

|                                  |                    |
|----------------------------------|--------------------|
| CORREO<br>ARGENTINO<br>Central B | FRANQUEO PAGADO    |
|                                  | Concesión No. 2032 |
|                                  | TARIFA REDUCIDA    |
|                                  | Concesión No. 2727 |

## Breviario da Autonomía

### UNITARISMO E FEDERALISMO

Sosteenen moi seriamentes os escasos defensores desinteresados que do unitarismo existen, — e decimos escasos porque a maioría dos que entre nós o defenden fano só por moi particulares comenanzas i-egoísmos, cando non por inoranza — qu'il é o grado derradeiro do perfeccionamento que se abrangue no proceso histórico seguido polos pobos cara a súa estruturación política definitiva. E como consecuencia de tal afirmación, veñen á caer en que todo o qu' é descentralización, e polo mesmo autonomía e aínda federalismo, non é sinón unha situación denantior, un feito previo e obrigado, pro transitorio decote, pra chegare irremisiblemente á forma perfecta da organización política que, asegún eles, é o Estado unitario.

Contrariamente, nós coidamos, e a probalo imos, que o paso denantior, o paso obrigado no proceso evolutivo dos pobos, deica a súa máis perfecta situación establ é o Estado federativo ou, si se quere, o Estado constituído ou vertebrado por rexións ou países autónomos, aquela forma de organización política superior e derradeira á que os pobos tenden na súa marcha ascendente en procura de unha organización que cada vegada se acarre máis ao perfeccionamento.

### I - HISTORIA

#### FORMACION DAS SOCIEDADES POLITICAS

Soerguen os primeiros moradores da terra sen vencello algún que os axunte, pra viviren arredados, desenvolvéndose sen conexión nen contacto. Mais non tardan en xurdiren as primeiras manifestacións da solidariedade dos homes, da sociabilidade natural que entre os viventes foi decote imprescindible por imperativo da mútua comenza, ficando así xa constituídas as primeiras células da gran sociedade humana. No escomezo son os membros de unha familia os que se apoian e se axudan, pra millor conlevar os trafegos da súa existencia n-un medio natural que se non entrega doudamente pra sere disfoitado, sinón pra ilo paseniño, faguendo propio e amansándoo. Logo, da xuntanza de dúas ou de máis familias, que entre si se misturan i-encadean con vencellos afectivos, e que os antergos dirixen e ourentan, nasce xa unha forma rudimentaria e inicial da sociedade política. E máis tarde, pola asociación de varias de isas formas rudimentarias e iniciais que ao se asociaren o fan pra millor se desenvolta-

### CLAUDIO LOPEZ

Este vello loitador galeguista, que sempre está disposto a dal-a súa axuda xenerosa a toda causa nobre, acaba de ser ouxeto dunha outa distinción.

A Sociedade Científica Arxentina, premiando os seus anos de laboriosidad ao servizo dela, nomeouno xerente xeral fai poucos días.

Claudio López recibe así o galardón merecido que lle otorga unha das máis reputadas entidades do país, integrada por notabais persoalidades arxentinas.

Congratulámonos de distinción conferida ao noso querido amigo

ren axudándose mutuamente, se pode decire qu' cando se manifesta o primeiro organismo político verdadeiramente tal e merescedor, polo mesmo, de levare tal nome. Tal é o intre en que aparece a tribu.

N-a tribu as familias gozan de unha natural e prena liberdade, que soio se acha condicoada e como subordinada á algo alleo no perciso momento en que as actividades familiares ultrapasan os lindeiros do fogar pra se situare no que xa pertencen á tribu enteira.

Veñen, audado o tempo, as federacións de tribus, organismo xa máis perfecto, e, polo mesmo, superior, dentro da graduación imprescindible que se vai seguindo no ascenso da sociedade humana deica á realización do seu fin derradeiro, ou sexa o Estado. N-elas, como acontecía nas tribus illadas cando aínda se achaban lonxe

por V. P.

da, o seu exército; teñen o seu organismo, o seu Estado.

En efecto, constituída a cidade, ela tivo de axear decote pra se arredar das intromisións alleas no goberno de seu, sen deixare por iso d'estabrecere aquelas xuntanzas con outras cidades que con ela tivesen algún intrínseco común. E constituíndo así formas superiores de goberno que representaban i-encarnaban a defensa e sostimento de ise intrínseco común, que pra ren afeitaba aos intereses particulares das partes asociadas, de cuílos intereses soio elas eran dispoñedoras e responsábeis, i-eisí se olla como todos os grandes agrupamentos políticos da antigüidade son verdadeiras ligas ou xuntanzas de pobos autónomos, consorciados e aínda fortemente sub-

## Dos Boos e Xenerosos

Antón Alonso Ríos

(Para A NOSA TERRA).

Antón Alonso Ríos: De fronte a ti me cadro,  
pra che render homaxe, por bo e xeneroso:  
ti fostes un valente no Chan Patrio Noso,  
lutando contra o feixe que ensanguentou o Adro.

O trácico traxeiro (1) — oúbo, grunho e ladro —,  
na terra de Silleda, buscoute, tenebroso...:  
je monteiría fixoche, igual que a un can rabioso,  
berrando: — "¡Arriba Hespaña"! —, o castelán baladro...

De deputado e méstre, pasaste a pecoreiro,  
no seo de cen nites de morte no loxeiro...  
¡A Terra Nai salvóute dos feros fraticidas!...

Ti sigues ben queréndoos: Se agora se escuitara  
a vos de GALICEIBE e á liuta te chamara,  
¡as armas ben branderas coma o espartán BRASIDAS!...

(1) Feixismo, Clero e Militarismo.

Antón Zapata GARCIA

da comunicación e do contaite, cada tribu en relación coas demais que con ela forman corpo político, por eisí decilo, sigue sendo soberán. E ista soberanía xa deixa de sere soia, pra sere compartida, cando se trata de cuestións que se non achan circunscritas á vida tribal, sinón que, emborcándose por fóra dos seus lindeiros, xa tocan máis ou menos aos intereses e ás comenanzas das tribus asociadas. I-estonces aquel poder soberán da tribu que tan craro se manifestaba na solución e arranxe das súas cuestións internas, aquela autonomía que iso e non outra cousa é, sen deixar d'eisistire, parze como que se contén pra que, coa súa contención, xurda e se desenvolve libremente un poder superior, o da federación, máis capacitado pra actuare dentro de un campo de acción en que non soio se afina a autonomía de unha tribu sinón a de varias, coincidentes sómente n-un punto ou coincidentes en moitos.

Implicitamente fica dito que n-ise perfeccionáse das sociedades políticas primitivas, cae xa de cheo o xurdire das primeiras cidades, que son unha manifestación crara i-evidente de fondo milloramento e avance no proceso de formación política dos pobos. Falando da cidade di Pi Margall que constituí n-un principio un todo completo e independente, é unha razón en pequeno. Teñen o seu culto, as súas leis, o seu goberno, a súa administración, os seus tribunais, a súa facen-

ordinados pra todo aquilo que lles é común. Pro radicalmente ceibes, prenamente soberáns en todo aquilo qu'eiservivamente é da súa competencia.

Pereórranse as páxinas históricas que nos falan da formación das grandes organizacións políticas que un día privaron no mundo, e atoparemos decote que o mesmo no Ourente como no Occidente a formación das organizacións citadas sempre se acha afinada na realización e mantemento da unidade, realización que se non afina na absorción das diferenzas, pra reduci-re a froitífera heteroxeneidade natural á un todo uniforme, idéntico, fallo de variedades e de matices; sinón na permanenza de uns e outros, perfectamente asociados e acooplados pra realización de aqueles fins superiores que lles son comúns.

### O ANTIGO OURENTE

Ensaminando a formación e desenvolvemento do grande Estado exipcio, dende que xurde até que por él desfilan as dinastías tan sonadas, cuia lembranza vive aínda hoxe vizosa nos abundosos e abraiantes moimentos que nos legaron, atopámonos con que decote dentro do Exipto aparece viva unha división territorial imposta, como di certo historiador, pola diferenza de crenzas relixiosas, de dialectos e de costumes. E ista división se amostra non soio na primeira xeira do desenvolvemento do Exipto, perante a que Mena

deixa aos antigos Estados os seus deuses, o seu culto e as súas leis, sinón que persiste nas dinastías posteriores, até os tempos de Psamético III, nos que o Exipto caeu no poder dos persas. E tan grande era o respecto dos exipcios ás variedades naturais que os faraóns nos soio respetaban a liberdade das divisións territoriais ou pequenos Estados que compoñían o Exipto, sinón que deixaban ás cidades conquistadas a súa autonomía política e administrativa e até os seus reises, que libremente podían faguérense a guerra, contraeren alianzas e concuiren paces (Sales y Ferré: Historia Universal).

No estado asirio a organización política non tiña tampouco ren de unitaria e centralizada. Contrariamente, cada división territorial das varias que compoñían o imperio — en moitas das qu'eisistían pobos de razas e linguas diversas — viña á constituíre algo á xeito de un pequeno reino, con organización propia, con leis eiscruivas e aínda co seu correspondente soberán.

Ensaminando o qu'era a organización política do magno Imperio Persa nas xeirras culminantes da súa

grandeza, ollamos como ela se achaba ben lonxe de sere unitaria e de tendere a faguer desaparecercere as diferenzas naturais n-ela eisistentes, até o punto de que Darío, baixo cuio reinado ocorre o supremo erguemento de Persia, permite á todol-os pobos que conquiere o libre uso da lingua, relixión, costumes, leis, etcétera, sen que por iso a integridade e cohesión do Imperio sufran ren ou se ollen ameazadas do perigo disgregador.

E o mesmo que nos Estados citados sucedía no Imperio Caldeo, axiña conquistado polo faraón Tutmés III, e no que as cidades que o compoñían "eran como outros tantos Estados, tendo cada un o seu soberán particular" (Sales y Ferré: Historia Universal). E sucedía igualmente na Fenicia, qu'era unha verdadeira confederación de pequenos Estados, e cuia organización de plena autonomía pra as partes integradoras, fora copiada máis tarde por Cartago, creación dos fenicios na costa N. de Africa. Asemesmo ista persistenza do mantemento da variedade máis completa dentro de unha perfecta unidade política, se ousera tamén no pobo xudeu.

(Continuará)

## DOUS CONTOS

### O TRASNO

Unha vegada ían dúas mozas de noite para o muíño e encontraron un nenito pequerrechoño que choraba co frío. Colleiron o neno, envolvérono ben levárono consigo para o muíño, e despois de quentárense o lume, deitáronse e meteron o meniño no meío.

Pola mañán, cando espertaron, buscaron o neno por todol-os currunchos mais no atoparon. Somentes dend'a cima do tellado, ouviron:

—Tucurugú, cucurugú,  
as nenas do muíño quentáronme (o cú.

Aquil neno era o trasno que lles quixo meter medo.

### CONTO

Eran unha vegada dous que viñan vendendo nabiña de nabos pol-as aldeas de porta en porta e o chegaren a soma d'uns carballos, pousaron os sacos e sentáronse a descansar.

O pouco rato un d'eles foi en busca d'auga pra beber pois estaba que esligaba co-a sede, e díxolle o outro que tuvese conta dos sacos namentras voltaba.

Tan pronto como marchou, fot o seu compañeiro e rouboulle catro cuartillos de nabiña. Chegou o outro e díxolle o que quedara:

—Agora podes ir tí, que eu che terei conta mentras.

E aproveitando tamén a súa marcha, rouboulle o que quedara tres cuartillos de nabiña do outro saco.

Un home que viu agachado os dous roubos foi hastra él e preguntoulle.

—Ay homiño, d'onde sodes?

—E nós somos de Aillares—

contestoulle o que ficara o pé do carballo.

Destoncias o home reprimoulle:

—Nas condicións ben vos semellades.

Sácalle outro cuartillo, e quedades iguais.

Recollidos en Orosó (Cruña)  
por R. M. L.

O galego que non fala na lingua da súa Terra, non sabe o que ten de seu nin é meresciente d-ela.

V. TAIBO

### UNHA EISPOSICION DE MAZA

Non é necesario facer a presentación de Domingo Maza. O distinto escultor santiagués é ben conocido da nosa colectividade e do público arxentino.

Artista orixinal e galego de pura cepa, leva ás súas concepcións un anaco da súa alma sinxela i emotiva.

A Agrupación de Xente de Arte e Letras "Impulso", querendo honrar ao notabel escultor, abrirá no seu local, La Madrid 355, ás 18.30 do sábado 2 de novembro próximo, unha exposición das súas derradeiras obras.

En tal oportunidade, o ilustre escritor arxentino, Pablo Rojas Paz, pronunciará unha conferencia, titulada: "Yo y las palabras".

Non duvidamos de que será todo un éxito a exposición do noso querido irmán, e dende agora enviámoslle xa os nosos máis agarimosos prácomes.